

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2016

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás dez horas do día dezaseis de novembro de dous mil dezaseis, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de don José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de celebrar, en primeira convocatoria, a sesión extraordinaria da Deputación Provincial correspondente ao debate do estado da provincia, constituíndose a Corporación cos deputados don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Jorge Pumar Tesouro, don Plácido Álvarez Dobaño, don Pablo Pérez Pérez, don Manuel Doval Soto, dona Montserrat Lama Nóvoa, don Antonio Montero Fernández, dona Ana M.^a Villarino Pardo, dona Consuelo Vispo Seara, don Juan Anta Rodríguez, don Miguel Antonio Cid Álvarez e dona M.^a Teresa Cerdeira Valiñas, do Grupo Popular; don José Ignacio Gómez Pérez, don Miguel Bautista Carballo, dona Elvira Lama Fernández, dona Isabel Gil Álvarez, dona Susana Rodríguez Rodríguez, don Vicente Gómez García, don Adolfo González Nóvoa e don Francisco José Fraga Civeira, do Grupo do PSdeG.-PSOE; don Gonzalo Pérez Jácome e don Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana; e don Ramiro Rodríguez Suárez, do Grupo do BNG.

Non asiste o deputado do Grupo Popular, don José Antonio Feijóo Alonso.

Actúa de interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o secretario xeral da Corporación, don Francisco Cacharro Gosende.

Antes de entrar na orde do día, o Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. secretario para que dea conta de dous escritos que se presentaron e dun informe emitido pola Secretaría en relación co cambio de portavoz do Grupo Socialista.

O **Sr. Secretario** di que en cumprimento do establecido no artigo 25 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, que obriga a comunicar a designación de portavoces dos grupos, e polo tanto, tamén calquera cambio que se produza ao respecto con posterioridade, se da conta de que mediante escrito presentado con data 10 de novembro cinco deputados do Grupo Socialista comunicaron a substitución do seu portavoz, don José Ignacio Gómez Pérez, por don Francisco José Fraga Civeira; escrito ao que se replicou con outro, asinado por tres deputados do mesmo Grupo e presentado o día 14 de novembro. Di que no día de onte emitíuse informe ao respecto pola Secretaría Xeral, no que se conclúe que o cambio de portavoz comunicado no primeiro escrito asinado por cinco

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2016

deputados é válido e efectivo, e por conseguinte, o novo portavoz titular do Grupo Provincial Socialista é don Francisco José Fraga Cibeira.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no portal de vídeo acta da Deputación Provincial de Ourense <http://videoacta.depourense.es>

1º.- DEBATE SOBRE O ESTADO DA PROVINCIA DE OURENSE, CORRESPONDENTE AO ANO 2016.-

O Sr. presidente anuncia que o debate deste Pleno se abrirá cunha intervención da Presidencia por un tempo máximo de 30 minutos. A continuación, cada grupo político disporá de 15 minutos de intervención para a formulación de réplica á intervención do presidente e defensa das propostas de resolución presentadas. A orde de intervención dos grupos estará determinada polo número de deputados cos que contén, intervindo en primeiro lugar o Grupo do BNG, en segundo lugar o Grupo de Democracia Ourensana, en terceiro lugar o Grupo Socialista e en cuarto lugar o Grupo Popular. Unha vez concluídas as intervencións dos grupos políticos, suspenderase a celebración do Pleno por un espazo de 30 minutos, durante os cales os portavoces dos grupos poderán reunirse para a negociación de posibles acordos respecto das propostas de resolución. O Pleno continuará cunha quenda de dúplica do presidente por un tempo máximo de 10 minutos, á que seguirá unha quenda de redúplica dos grupos políticos por un tempo máximo de 5 minutos cada un, coa mesma orde de intervención que a quenda de réplica. O debate pecharase cunha intervención do presidente por un tempo máximo de 5 minutos. Unha vez concluído o debate sobre o estado da provincia, e como segundo punto da orde do día, procederase á votación individual das propostas de resolución presentadas.

A continuación, prodúcense as seguintes intervencións:

Don José Manuel Baltar Blanco, Presidente da Deputación: señoras deputadas, señores deputados, convidados e representantes dos medios de comunicación, ourensáns presentes neste salón de plenos e a quen nos segue en directo pola páxina web da institución, moi bos días. Celebramos hoxe o debate sobre o estado da provincia de

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2016

Ourense, correspondente ao ano 2016. Unha innovación contida na disposición adicional quinta do Código Ético e de Conduta desta institución, aprobado por este plenario o 30 de abril de 2014. Un debate que só se celebra nesta deputación en Galicia e en dúas provincias máis en España. Un Código que contempla outras cuestións que tamén constitúen unha novidade no panorama político nacional e que son xa unha realidade perfectamente contrastable. Dende a propia retransmisión en directo dos plenos ou das comisións, dos actos de apertura de pliegos nos procedementos de contratación e dos sorteos de membros dos tribunais nas probas de acceso ao emprego público, pasando pola non colocación de placas en obras públicas co nome de persoas, e tamén a aprobación da Carta de Servizos que reflicte a actividade e competencias desta Deputación. Comparezo 1745 días da miña primeira elección como presidente do goberno provincial e 492 despois da miña segunda elección, cada día que pasa con máis forza para traballar por esta provincia na que creo, e na que cren cada vez máis ourensáns. Unha provincia con intereses e cunha visión integral que defendemos. Non somos só unha circunscrición electoral. Unha provincia que conta cun goberno cun plan de mandato (Ourense 15-19), que quere saber e que sabe o que quere, cun goberno, cun presidente, que o fixo público, este plan, antes das eleccións locais como mostra do compromiso inquebrantable con Ourense. Comparezo como presidente dun goberno provincial que se sitúa á vangarda dos 45 que existen en España e cun papel importante no conxunto dos que conforman Partenalia, a asociación europea de gobernos locais intermedios. Comparezo para comunicar. É este un instrumento de comunicación. Comparezo consciente da grande importancia da comunicación da nosa actividade e da innovación pública. E falando de comunicación: unha obviedade, con respecto ao papel dos medios, é que pasamos dos medios de comunicación de masas á comunicación sintética en rede. Foméntase así un novo tipo de consumidor: o prosumidor, que produce e consume, suma de produtor e consumidor, xa designado por Alvin Toffler, que nos deixou en xuño deste ano, na súa obra *La tercera ola*, publicada en 1980. Moito poderíamos falar da comunicación e do papel dos políticos, dos representantes públicos, tendo en conta a influencia das redes na democracia. Porque se fala de teledemocracia, de ciberdemocracia e mesmo de democratización electrónica. O que teño claro é que o futuro da política pasará por modelos de Open Government que están a aplicarse xa en Europa. E este debate é un exemplo de Open Government, de interese por transmitir mensaxes de confianza, de

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2016

ambición colectiva, de retos fixados e acadados. Unha mensaxe de futuro. Nun ano 2016 de grandes cambios no contexto internacional e nacional aos que Ourense non é alleo. Porque Ourense non é unha illa. Porque comprender a realidade de fóra das nosas fronteiras axuda a enfocar a folla de ruta dunha institución e dunha provincia como a nosa. E o estudo, a análise, a perspectiva comparada, son os mellores compañeiros da política real, desa política con maiúsculas pola que apostei na miña toma de posesión en xullo de 2015 e que hoxe volvo a reivindicar e reclamar dos grupos da oposición, a quen daquela cualificaba de “alternativa de goberno”. O ano 2016 no que, por fin, estreamos novo goberno a nivel nacional, despois de celebrar dous comicios xerais onde esta provincia dixo o que quería. Ourense tamén dixo o que quería para a nova lexislatura autonómica, a décima, que ven tamén de elixir ao seu presidente por terceira vez consecutiva. Quédome co diálogo e co pacto como palabras estrela da nova lexislatura nacional en cuestións fulcrais e de tanta repercusión en Ourense como as cuestións laborais, o financiamento das administracións públicas, as pensións e, por suposto, o pacto pola educación do que falamos no pasado pleno ordinario. Quédome, señoras deputadas e deputados, co que o presidente Feijóo explicitou no debate da súa investidura. Esas contas públicas expansivas con menos débeda e impostos coa recuperación do nivel salarial dos empregados públicos e a forza para encarar o reto demográfico, un desafío que non entende de cores políticas. Unha lexislatura autonómica na que o presidente do Goberno deixou claro que o rural é unha das prioridades, ocupando o sector primario un papel central, impulsando novos plans de ordenación de recursos e terreos forestais. Un ano 2016 que foi tamén o ano do Brexit e o da elección hai días do novo presidente dos Estados Unidos de América. E falando dese país, teño que facer referencia ao último estudo da Reserva Federal de Estados Unidos que reflicte que, por razóns demográficas, o baixo crecemento, o escaso investimento, os baixos tipos de intereses reais e as tensións distributivas da riqueza prolongaranse durante anos. Un contexto internacional onde hai que facer referencia ao tema do petróleo. Os países da OPEP parece que perderon a súa capacidade para determinar o rumbo do mercado. Mais están obrigados a facer equilibrios para que un alza excesiva dos presos de alas a ese novo competidor que é a industria do fracking de Canadá e mesmo USA. Neste escenario o Brexit é un novo problema para Europ: velaí a depreciación da libra, que perdeu un 18 % fronte ao dólar. Este dato complica as negociacións sobre o acordo de libre comercio entre

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2016

a Unión Europea e os Estados Unidos. E afecta a Ourense. Todo o que acontece no contexto internacional pode incidir no panorama provincial. Porque, por exemplo, a IED (Inversión Estranxeira Directa) xa é clave na transformación da economía mundial nos últimos trinta e cinco anos. Un auténtico motor de globalización. En 2015, en España, e no epígrafe das empresas dedicadas á regulación das actividades sanitarias, educativas e culturais só figura unha IED. ¿Onde?: En Ourense, no sector servizos, na creación dunha empresa con case catro millóns e medio de euros de capital social. Estou co economista Raúl González, cando si que Ourense non pode ter complexos á hora de poñer en valor as súas vantaxes competitivas. Tal cousa demostramos coa primeira misión comercial dos EE.UU en Ourense, avalada e certificada polo goberno USA, xerando importantes acordos en sectores como o vitivinícola, o da lousa, as torres de rescate cardíaco, a sostibilidade ou a tecnoloxía. Estamos ante un punto de inflexión no crecemento mundial, di Rosa Duce, a responsable de Deutsche Bank en España. E son moitas as cuestións de actualidade das que unha provincia como a nosa pode inferir políticas, estudar tendencias, programar e, sobre todo, explorar. Velaí a diferenza entre exploradores e chamáns, e recomendo activamente, aínda que seguro que xa o fixeron, a lectura da obra de Víctor Lapuente, *El retorno de los chamanes*, publicada en 2015, para aprehender conceptos que están baseados no propio subtítulo da obra: *los charlatanes que amenazan el bien común y los profesionales que pueden salvarnos*. Repito: son moitas esas cuestións. Por exemplo a concepción de Internet como gran central de compras (en 2025 o valor das “cestas electrónicas” suporá o 10 % das compras do mundo). Estamos ante un cambio de modelo. Moitas cuestións que impactan na nosa realidade. Outro exemplo atopámolo entre os obxectivos de desenvolvemento sostible da Asemblea Xeral das Nacións Unidas: garantir o acceso a unha enerxía asequible, segura, sostible e moderna. E, en España, a enerxía é un importante motor de desenvolvemento económico: medio millón de postos de traballos directos e indirectos. E que ninguén dubide do noso compromiso total coa eficiencia enerxética. E tampouco dubidemos que estamos ante unha materia pendente: a obtención de enerxía a partir de residuos. E velaí o noso proxecto de creación da Axencia Provincial da Enerxía e do Medio Ambiente, que xa coñece o Comisario Europeo de Acción polo Clima e Enerxía. Moitas cuestións como subliñar unha obviedade: que os números son números. Así as cifras din que a economía española segue medrando por riba da media europea e así continuará en 2017. As mesmas

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2016

cifras que falan do impulso da denominada “educación financeira”: porque as entidades públicas e privadas multiplicaron as accións para mellora- la cultura económica. Nese contexto avaliamos hoxe un territorio: a nosa provincia e unha política: a provincial. A avaliamos cada minuto, sen descanso, porque o traballo político rigoroso non entende de tempos mortos nin intermedios. Porque é unha obriga mellorar permanentemente. Porque non vale pensar noutra cousa que non sexa no progreso socioeconómico de Ourense, e das medidas e fórmulas innovadoras que fornezan esa filosofía. E existen diversos niveis territoriais de administración que inciden directa ou indirectamente no desenvolvemento dun territorio. Por suposto o supranacional da Unión Europea e as relacións con outros países, o dos gobernos estatal e autonómico e os dos gobernos locais: o provincial que presido e os municipais dos 92 concellos e o da entidade local menor de Berán. Sen esquecer o impacto tamén de mancomunidades e agrupacións de municipios. E o papel dos gobernos locais analizouse hai días en Bogotá. E esta Deputación estivo atenta a eses debates, fixo chegar propostas e estuda as conclusións desa cita. Estou a falar do que seguro vostedes coñecen, o Compromiso de Bogotá, aprobado hai un mes no cumio mundial de gobernos locais, que fai unha proxección a 2030; fala do contexto actual como o dunha oportunidade sen precedentes que require medidas audaces para renovar os modelos de gobernanza; afirma que os gobernos locais deben colocarse no centro das políticas públicas, convertendo os ideais normativos en propostas concretas; reivindica unha acción local obrigada, que é implementar a nova axenda urbana nos territorios: xestión estratéxica, participación cidadá, planificación, servizos públicos de calidade, creación de emprego, filosofía medioambientalista como eixe vertebrador, políticas culturais que fomenten o patrimonio, a creatividade e a diversidade local.. Como acción nacional destaca un novo sistema de gobernanza multinível: descentralización, cooperación, financiamento, sostibilidade... Como acción internacional o posicionamento dos gobernos locais e rexionais na mesa global: traballo en rede e intercambio de coñecementos para promover a innovación e enfocar como alcanzar os obxectivos de desenvolvemento sostible, a Nova Axenda Urbana, o Acordo de París e o Marco de Sendai. Postulados todos eles, señoras deputadas e señores deputados, que esta Deputación, que o seu goberno, levan tempo poñendo en práctica e formando parte do *modus actuandi* desta institución. Todos eles incorporados dende o primeiro minuto ao Código Ético e de Conduta desta institución.

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2016

Todos. As deputacións, os gobernos provinciais, tan recorrentemente postos en risco por aqueles que non contan co tesouro máis prezado á hora de debater: a información. Un debate no que sobra ignorancia e falta esforzo en documentarse. Xa o di Luciano Parejo Alfonso, catedrático de Dereito Administrativo da Universidade Carlos III de Madrid: a institución provincial goza dunha mala saúde de ferro. E é que a perspectiva comparada acredita a necesidade dunha instancia supramunicipal de referencia: nos casos de Portugal, Italia e Alemaña, tal instancia non só segue plenamente vixente despois da realización de operacións de reforma da planta municipal, senón que a súa importancia, lonxe de diminuír, aumenta. Sigo avogando polo seu deseño como instancia dotada de lexitimación democrática directa, por certo unha das reivindicacións aprobadas, en forma de proposta de resolución, no pasado debate sobre o estado da provincia de 14 de novembro de 2014. A realidade española fala dunha planta local onde o 85% dos concellos teñen menos de 5.000 habitantes; o 10 % entre 5.000 e 20.000; e o 5% máis de 20.000. Parece un calco, *mutatis mutandi*, da situación da nosa provincia; como cando, falando de prospección e resultados electorais, facemos un paralelismo entre o Ohio norteamericano e a comunidade de Aragón en España (permítanme recomendar a obra do equipo “Piedras de papel”: *Aragón es nuestro Ohio. Así votan los españoles*, publicada en 2015). E é que dos 92 concellos ourensáns son 10 os que teñen máis de 5.000 habitantes, e destes só un, a capital onde agora estamos, supera os 20.000. Convén non esquecer que, a pouca distancia, se atopa a provincia de Burgos que conta con 371 concellos e 651 entidades locais menores. Elixo tamén ao Congreso 4 deputados e 4 ao Senado, coma nós, cunha densidade de poboación de 26 habitantes por quilómetro cadrado. Nós estamos en 44 habitantes por quilómetro cadrado. En Burgos é onde está Jaramillo Quemado, o concello menos poboado de España: 5 habitantes. Patrón, por certo: San Martín de Tours. 17’5 km cadrados. A súa identidade ten orixe documentado no século XII, e un orzamento anual de 80000 euros. E neste escenario existe unha administración, a provincial, esta, que vertebra e cohesiona. Fai provincia. Defende os intereses provinciais. Propón unha visión integral de provincia. Planifica e executa un discurso do territorio. Fíxense que ata a administración autonómica deixou de contar con delegacións provinciais para falar de delegacións territoriais. Pois ben: somos provincia, facemos provincia e hoxe, ninguén mellor ca nós pode falar de provincia. E este é o debate sobre o estado da provincia. E a provincia conta cunha institución, o seu

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2016

gobierno, que a defende. Certo que non todas as cifras son as mellores. Certo que estamos aquí, para promover o progreso e o desenvolvemento de Ourense. Pero tamén é certo que os datos que subministra a ferramenta que puxemos en marcha co Plan Ourense 92 (o Observatorio Económico ourensán) fala de realidades como eses 33 meses continuados reducindo a cifra interanual de desemprego (e a gran prioridade é a creación de emprego). Fala deses 500 millóns de euros en exportacións nos primeiros meses do ano 2016. Fala tamén de tendencias positivas non só a nivel provincial senón tamén analizando comarcas e concellos. E coa posibilidade agora de facer calquera tipo de comparativa dende o noso teléfono móbil. Un observatorio á carta. Díganme que provincia de España, e mesmo de Europa, conta cunha ferramenta destas características. Pero falamos dunha provincia que conta, segundo explicitan os ourensáns elección tras elección, cunha estabilidade política contundente. Falamos dunha provincia que viu nos últimos anos, os peores economicamente dos corenta de democracia dende o punto de vista económico, como a cooperación entre administracións fixo posible realidades tanxibles que teñen que ver cos servizos públicos básicos: dende un novo edificio xudicial, pasando polo que será en breve o hospital máis vangardista de España, a autovía a Celanova ou novas para o ensino con ese campus de Ourense, un modelo de operatividade e co mellor potencial dos de Galicia, que especializado como campus da auga ofrece xa unha licenciatura en Enxeñería Aeroespacial que converte tamén a Ourense en territorio de referencia. Estamos a falar dende a provincia termal de España, cun Plan Termal Provincial executado case o 50 % do proxectado. Por certo, a semana próxima entrevistareime coa presidenta da Sección de Vilas Termas da FEMP, da que formamos parte, para anunciarlle que lideraremos a sinatura do Pacto Termal Español, tal e como figura no Plan Termal Provincial e como anunciei na presentación do estudo sobre o turismo termal español que protagonizamos en Madrid co Ministerio de Industria. Esa voz que tamén agora, formando parte da EHTTA, conta cun posicionamento nun foro internacional de relevo. Unha provincia de Ourense con realidades como novos balnearios, administración electrónica para facer efectivo o convenio co Ministerio de Fomento para cumprir o innovador programa de termalismo social; con espazos termas como o que reabrirá no Carballiño, nas Caldas de Partovia, grazas exclusivamente á iniciativa privada, ao emprendemento ourensán. Unha provincia que ten unha cita coa Historia cando sexamos a porta de entrada a Galicia da alta velocidade ferroviaria,

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2016

agardando se cumpran as expectativas temporais –non esquezamos estes dez meses de interinidade governamental estatal- de inicio do seu funcionamento entre Ourense e a capital de España, cando tardemos pouco máis de dúas horas en achegarnos ao centro de Madrid. Unha provincia que conta cun bo estado de saúde e mellores expectativas, dado potencial, como o da súa agroindustria, con cooperativas punteiras e denominacións de orixe con empresas que apostaron fortemente pola innovación tecnolóxica e a calidade, e como exemplo as catro denominacións de orixe vitivinícolas. Unha provincia ben comunicada, mais con deberes que urxe atender como a mellora das infraestruturas coa comarca de Valdeorras e a situación do transporte público e a conexión coa capital dende diferentes puntos da provincia. Unha provincia que conta cunha deputación que sabe cooperar e demanda cooperación. Con todos. Por suposto cos cidadáns, facendo da participación e da transparencia un eixo fundamental de actuación. Pero tamén cooperación coas outras administracións en diferentes ámbitos, deixando sempre que se escoite a voz de Ourense, o posicionamento de Ourense. Esta Deputación medioambiental, que presta o servizo de recollida de lixo en 50 concellos, a de envases lixeiros en 71, a de papel e cartón en 56, a de vidro en 62, xestionamos 11 plantas de transferencia, 15 puntos limpos, 17.000 contedores lavados dúas veces ao ano, a recadación de tributos locais en 51, que exerce tamén competencias municipais vía delegación como a dos animais abandonados. Levamos o control analítico de augas en 60 concellos por medio de Aquaourense, a limpeza de fosas sépticas de 40, o control de vertidos de augas residuais en San Cibrao e O Pereiro de Aguiar, levamos o mantemento de 4 depuradoras biolóxicas e de 46 compactas, tamén 2 EDAR grandes, e máis por asumir. Unha provincia medioambiental: o vinte e seis por cento do noso territorio é espazo natural ou reserva da biosfera. Unha deputación que propón economías de escala, aforros en custos e reposición de infraestrutura en proxectos a medio prazo. Unha deputación que actúa como concello de concellos, que aspira a ser a ventá municipal de Ourense. Unha ventá dentro dunha autopista da información que é a tecnoloxía. Velaí o proxecto de provincia intelixente, que conta xa co apoio de multinacionais como IBM e Vodafone, e que fará posible a posta en marcha dun centro tecnolóxico que converterá en realidade os nosos desexos e que fará de Ourense un territorio de referencia non só nacional. O Estado da provincia, deputadas e deputados, púlsase todos os días escoitando a todos os ourensáns, e tamén tendo en conta o estado

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2016

doutros territorios, porque as cousas son sempre relativas cando é obrigado o recurso á comparanza. Eu pulso ese estado cada minuto, escoitando a alcaldes e alcaldesas, concelleiras e concelleiros, representantes de entidades culturais, sociais, económicas, empresariais, como os que hoxe nos acompañan neste salón de plenos, todos eles cun criterio sobre a situación que, a ninguén máis que a min, me interesa contrastar. Para acertar, porque se trata de acertar. Iso chámase facer Ourense todos os días. Escoitando a todos aqueles que teñan algo que dicir. Por suposto para construír. A min destruír non me interesa. Todo o tempo é pouco para facer un presente e un futuro mellor. Podería falar, e debería, de temas que forman parte da nosa realidade. Do gran potencial do enoturismo provincial e da aposta da Deputación nese eido. Aposta por certo contrastable no Plan Ourense 15-19, lembro: actuacións, mes e ano de posta en marcha. Podería falar dos acordos de coworking coa Escola de Organización Industrial do Ministerio de Industria. Podería falar de realidades como o Consorcio de Augas de Valdeorras, ou o Consorcio Provincial de Incendios, por non falar do noso papel proverbial na constitución e mantemento dos grupos de emerxencia supramunicipais. Podería falar de emprendemento no medio rural. Podería falar das grandes cifras do turismo en Ourense en 2016 e da importancia de determinadas decisións estratéxicas, e froito da planificación desta Deputación, como aquelas que teñen que ver con situar a Ourense como sede de eventos de carácter internacional, sexa no deporte, con La Vuelta a España, sexa no ámbito literario, co Congreso do Pen Club Internacional, sexa como estes días co Congreso Internacional máis relevante en 1700 anos sobre a figura de San Martín de Tours, o noso patrón. Podería falar do acordo estratéxico coa Universidade, tanto co Campus de Ourense como coa Universidade Nacional de Educación a Distancia: ese Campus da Auga que vai da man co Plan Termal Provincial, formando parte a Universidade do Consello Termal Ourenán; e esa UNED cuxo padroado se reúne o vindeiro xoves 24 ostentando esta Deputación a súa presidencia. Podería falar do apoio ao sector empresarial, como os acordos de colaboración coa Cámara de Comercio e Industria, coa Confederación de Empresarios de Ourense, co Círculo Financeiro de Galicia, co Grupo Colmeiro, con equipos de investigación con sede no Campus de Ourense como o GEN (Governance and Economics Research Network); podería falar, e falo, destes asuntos que converten a esta deputación nun ente conectado, o que nos permite poñer en marcha utopías hai anos –para algún aínda hoxe- como unha

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2016

misión comercial a Ourense certificada polo goberno dos Estados Unidos de América. Podería falar do imprescindible que resulta unha alianza estratéxica de Ourense e Vigo para o desenvolvemento: aí estará a Deputación, marcando estratexias da man do Foro Económico de Galicia. Porque esta Deputación marca a axenda. É unha obriga, para nós, adiantarse. Chegar antes, pero sabendo a onde queremos chegar, que é o realmente difícil. Porque estamos a falar da “marca Ourense”. Unha provincia protagonista, con peso. Nunca antes estivéramos na Xunta de Goberno da Federación Española de Municipios e Provincias. Estamos tamén no Comité Político de Partenalía, desempeñando a Vicepresidencia. Vicepresidencia tamén que ostentamos na Federación Nacional de Municipios con encoros e centrais hidroeléctricas, a asociación de municipios máis grande de España, despois da FEMP. Elixidos tamén para poñer en marcha en Europa o Consello Europeo de Entidades Sostibles da man da ASBC norteamericana. Nunca antes convidaran a un representante dunha Deputación a participar activamente no South Summit (un dos foros internacionais máis importantes sobre emprendemento) ou no Seminario Internacional sobre visión política e planificación territorial que organiza o Goberno do Estado do Paraná. Estamos tamén na EHTTA e na Sección de Vilas Termiais. Sempre que hai un encontro de innovación pública en España contan coa Deputación de Ourense. Sempre. Estamos para contribuír, para protagonizar, para marcar o camiño. O noso non é o seguidismo nin o pasotismo. Estamos para facer. E facemos. E deseñamos novas políticas, nunca propostas, froito da análise dos datos que nos proporciona o Observatorio Económico Ourensán e de moito escoitar a todo aquel que teña algo positivo que propoñer. Facendo o máis difícil: pensar sempre en clave de progreso. Desbotando o máis doado: criticar por criticar, destruír por destruír. A nosa provincia ben merece que ocupemos todo o noso tempo en defendela e promovela. Por iso temos que falar do acerto de plans como o de natalidade. A natalidade repuntou ata marzo: 42 nacementos máis que no primeiro trimestre de 2015, un total de 448. A tarxeta número 1000 está a piques de chegar. Por suposto que non nos arrogamos esas cifras, pero é certo que o plan de natalidade da deputación, compatible co posto en marcha polo goberno autonómico, debuxan un escenario máis amable e constitúe unha axuda apreciable. E sabemos da política de cohesión da Unión Europea fronte ao reto demográfico. Son os números de Galicia: vinte e sete anos consecutivos de saldos vexetativos negativos que hoxe desembocan nun 24 % da

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2016

poboación con máis de 64 anos. Un recente estudo do EPRS, o *think tank* do Parlamento Europeo, tamén sinala vías de saída que comezan a explorarse, que coinciden coas que esta deputación ten incorporadas á súa filosofía de traballo: as tecnoloxías de banda ancha, o turismo, a agricultura ou as enerxías renovable, pero tamén apunta que non esquezamos a atención dos maiores como un campo de oportunidades económicas da man das estratexias de especialización intelixente (as RIS3) que favorezan a vida activa e independente ata idades avanzadas. E aí está Ourense. Tamén temos que falar dos bos resultados do plan de empregabilidade para os concellos. Por iso cumpriu as expectativas o plan de apoio ás actividades da mocidade. Son números. E por iso van incluídos todos eles, estes plans, nos orzamentos de 2017, aprobados xa no pasado mes de setembro (por certo: hoxe presenta a Deputación de Pontevedra o proxecto de orzamentos para o ano 2017). Por iso falamos de cooperación. Esta Deputación executa o Plan de obras provincial onde todos os concellos son tratados por igual. Financiado ao cento por cento por esta deputación, sen achegas municipais nin doutras administración. E aumentando a súa contía cada ano. Por iso esta deputación mantén os 1.840 quilómetros de vías provinciais e desenvolve proxectos en materia de infraestruturas propostas racionalmente polas entidades locais da provincia. Por iso seguimos subvencionando o traballo necesario para as rozas medioambientais tamén cun trato igualitario por concello. Unha deputación que incorporou entre os beneficiarios do Plan provincial á entidade local menor de Berán e ao propio Concello de Ourense, con quen diseña e avalía os proxectos que compartimos no comité de cooperación permanente, único en España entre un goberno provincial e o da súa capital. Por certo que teremos nova xuntanza o vindeiro día 28, luns. É a Deputación a mellor aliada dos concellos da provincia. A administración máis próxima aos concellos. Quen planifica e executa políticas que teñen que ver con cuestións medioambientais, culturais, turísticas e sociais. ¿Cal é o resultado do Plan Benourense? Asumimos esa competencia e exercémola tamén dun xeito igualitario entre os concellos coa aplicación de criterios obxectivos. A Deputación está sempre. Non falta e non falla. Receptividade a todas as cuestións e disposición para presentar ante quen sexa, administración de rango superior territorialmente, as propostas que persigan a defensa dos intereses provinciais. Todo iso exercendo tamén vía delegación competencias municipais nunha andaina que parece non ter fin, tendo en conta a xestión económica deste tempo no que o endebedamento da institución se reduciu dun xeito espectacular, do 116 %

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2016

ao 26'1 % na actualidade –hoxe, neste momento- e será o 0 % en maio de 2019, o día 26, cando teñan lugar as vindeiras eleccións locais, por certo coincidindo coas eleccións ao Parlamento Europeo. Cada día de xestión o endebedamento reduciuse nunha décima. Contamos co maior remanente de tesourería da historia da deputación e con cifra récord tamén de días de prazo no pago a provedores. Xestión. Unha Deputación que ten o mesmo discurso en todos os concellos. E que comunicou qué fai, quén o fai e en canto tempo se fai, é dicir: a carta de servizos a concellos e cidadáns, que é a máis completa de España. Unha deputación aberta e transparente que o sábado 26 volverá a celebrar unha xornada de portas abertas, achegando así máis aos cidadáns o seu goberno provincial. Unha Deputación, a súa deputación, que asiste técnica, económica e xuridicamente aos concellos pero tamén defende unha visión integral de provincia. Unha visión onde moito importa a autoidentificación, a autoestima, o orgullo de ser ourensán: a ourensanía. A aposta pola identidade. Como a que estamos a facer estes días co Congreso Internacional sobre San Martiño de Tours. Como faremos dentro dun ano, en novembro de 2017, inaugurando *Tempore Suevorum*, a exposición máis completa sobre o reino suevo. Sobra dicir que foi, o Reino da Gallaecia, o primeiro estado de Europa. E que, con Teodomiro, esta cidade foi a súa capital. O primeiro reino medieval de occidente, creado no ano 414, antes, por suposto, que o reino visigodo. E en 2018, por certo Ano Europeo do Patrimonio, haberá máis novidades sobre o particular, que esta Deputación ten xa artelladas. Todo ao seu tempo. Marcando a axenda. Planificación, previsibilidade, xestión. Todo iso, as emocións, fan á política máis importante e decisiva. E querer aquilo que fas. Levantarte cada mañá con máis forza que onte e menos que ao día seguinte. Forza para traballar, para propoñer, para presentar, para ter a confianza das veciñas e dos veciños, para reivindicar, para promover: todo actitudes a favor, a prol de Ourense, en positivo. O dicía Curros Enríquez “necesitamos empregar toda a nosa intelixencia, todas as nosas forzas” neste proxecto chamado Ourense. Porque, como dicía Vicente Risco: “ser diferente é ser existente”. E concordo con Florentino López Cuevillas en que “non temos que mirar o goberno como un fin, senón como un instrumento”. Non emprego unha milésima de segundo en pensar a quen enfastiar ou que destruír. Ourense non o merece. Eu creo en Ourense, cada día somos máis. Invito a que todos fagan o mesmo para que Ourense sexa máis grande. Ourense, patria do corazón, como di o noso himno. Esta é a miña sincera invitación e a do grupo de

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2016

gobierno da Deputación de Ourense. Moitas grazas pola súa atención, agardo con interese as súas achegas.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG: moitas grazas, señor Presidente, bo día a todos e todas, señores deputados e deputadas, público en xeral que nos acompaña, ourensáns e ourensás. Dende o noso punto de vista, se houbera que definir nunha sola frase cal é o estado da provincia, sen dúbida habería que acudir á terminoloxía médica para facelo, e a bo seguro concluiríamos que a provincia está nun estado de respiración asistida. Isto, que pode parecer unha apreciación subxectiva dino todos os indicadores socioeconómicos, que ademais de negativos, non permiten albiscar a medio prazo un futuro optimista, agás que se produza un cambio de paradigma e se acometan medidas políticas estruturais que invistan a tendencia e modifiquen os actuais parámetros. A radiografía da provincia intelixente, cardioprotexida, transparente e non se sabe cantas cousas máis é a seguinte: temos as pensións máis baixas do estado, 247 euros por debaixo da media española, a taxa de envellecemento máis alta. Nos últimos 35 anos, coincidentes con outros tantos de goberno da saga Baltar, perdemos máis de 100 mil habitantes. Na última década máis de 10 mil persoas, na súa meirande parte mozas e mozos, tiveron que emigrar en busca das oportunidades que aquí lle son negadas. Á dispersión da poboación, endémica nesta provincia, hai que engadir datos preocupantes: a densidade de poboación baixou nestes 35 anos do 59,1 ao 45,2. O crecemento vexetativo permite albiscar un futuro aínda máis negro, ao producirse máis decesos que nacementos, nunha relación de case 3 a 1. E isto señor Presidente non é froito dunha maldición bíblica nin dun meigallo. É o resultado previsible de décadas de políticas de fomento do abandono das actividades agrarias e gandeiras tradicionais, da especialización en cultivos forestais de crecemento rápido, cuns montes en moitos casos en estado de abandono, de caos urbanístico e falta de ordenación de territorio e de despoboamento progresivo do noso medio rural. Na actualidade máis de 300 núcleos da provincia non teñen un so veciño. As consecuencias directas e indirectas desta situación son evidentes. Ao longo de moitos anos, os sucesivos gobernos do PP destinaron inxentes fondos económicos a subvencionar o abandono da actividade agraria e gandeira, co que moitas comarcas do país e desta provincia ficaron desertas e o seu territorio, ao carecer de actividade agraria, abandonado ao mato, o que resulta o caldo de cultivo perfecto para a propagación explosiva de incendios forestais. O

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2016

mapa das zonas máis afectadas polos incendios dá proba diso: a incidencia dos lumes é moito menor nas comarcas onde a actividade agraria mantén unha presenza relevante, co que esta política de incentivos para cesar no traballo no agro aumentou gravemente o risco e proliferación de incendios forestais en amplas zonas do país. Este ano novamente ardeu Ourense polas catro esquinas: Entrimo, Muíños, Oímbra, Oseira, Monterrei, Boborás, a Serra do Xurés, o Macizo Central, San Mamede, Ribeira Sacra, As Trevincas, innumerables os lugares afectados, espazos naturais protexidos, parques naturais, reserva da Biosfera, ecosistemas de gran valor económico e medioambiental, son algúns exemplos do que ano tras ano está a acontecer. Centos de incendios forestais, miles de hectáreas calcinadas, centos de millóns de euros perdidos en produtos primarios, máis tamén incalculables as perdas tendo en consideración a multifuncionalidade dos ecosistemas forestais, perdas que afondan aínda máis na falla de alternativas económicas e sociais na nosa provincia. Non existe unha política forestal preventiva, de planificación de cultivos, de ordenación territorial, de colaboración coa veciñanza do medio rural para vixiar e protexer o monte; hai unha fuxida e un desenfoque dos problemas reais do monte e do medio rural, cinguindo a loita contra os lumes forestais a unha cuestión de orde pública, o que, sen dúbida, fará que persistan os incendios forestais como unha enfermidade crónica para Galiza. E mentres isto acontece, a carencia de medios materiais e humanos é unha evidencia, e non se teñen producido máis desgrazas persoais e medioambientais grazas á profesionalidade e dedicación das traballadoras e traballadores dos servizos de extinción que desenvolven o seu labor en condicións de cada vez maior precariedade. ¿E cal é a solución a esta praga? Por parte do goberno do PP na Xunta, persistencia no erro: nulo investimento en prevención e cada vez maior orzamento para extinción, para seguir alimentando ese negocio privado que se xera en torno aos lumes, e por parte da Deputación o desmantelamento dos consorcios comarcais para a constitución dun órgano como o consorcio provincial para o servizo contra incendios e de salvamento de xestión privada: coma sempre, nada en canto ao deseño de políticas estruturais que vaian á raíz do problema. So medidas paliativas que o único que fan é favorecer a iniciativa privada. Pero isto non é o único problema que temos. En paralelo con esta situación van os demoledores e desalentadores datos do emprego. Os de verdade, señor Presidente, non os do Observatorio que vostede financia para sacar peito da súa xestión dándolle verosimilitude a un estudo

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2016

carente do máis absoluto rigor científico. Ourense ten, segundo os datos do INE do terceiro trimestre de 2016, a taxa de actividade máis baixa de todo o estado, 48,81 %, a máis de 3 puntos porcentuais de Lugo, unha provincia de similares características á nosa. A temporalidade e a precariedade provocan un cada vez maior deterioro das condicións laborais da clase traballadora galega. Segundo os datos da Consellería de Traballo da Xunta de Galiza, Ourense provincia ten 21.922 desempregados, perdendo no mes de outubro 873 empregos ao respecto do mes anterior, perda de emprego que é uniforme en todas as comarcas agás a Baixa Limia. Esta tendencia non é exclusiva da nosa provincia, xa que Galiza remata cun total de 198.940 parados/as rexistrados nas oficinas do SEPE; un 2,37% máis que no mes anterior (4.604 novos desempregados) practicamente duplicando o incremento medio estatal que foi do 1,20 %. O outro día, na presentación dos datos do último observatorio (canto lle gusta a propaganda), vostede sacaba peito dicindo que se estaba a xerar emprego en todas as comarcas da provincia e que a recuperación económica era un feito. Voulle dar algúns datos que botan por terra o seu discurso triunfalista. O incremento do número de contratos, coincidindo coas datas estivais, tivo a ver cunha situación puramente de conxuntura e de estacionalidade. So un 7,7% dos contratos foron rexistrados baixo algunha das modalidades de contratación indefinida. Isto, xunto co feito de que aproximadamente un 40% dos contratos non duran máis dunha semana, constata non só a forte rotación, senón tamén a súa escasa duración, o que ten os seus efectos na protección dos desempregados. Tal é así que no último mes (setembro) descendeu o número de parados con dereito a algunha prestación e entre os que a teñen cada vez son menos os que perciben a contributiva. Isto significa que de cada 100 parados/ non chegan ao 18,8 os que cobran contributiva, o que dá unha idea do cada vez maior número de persoas en risco de exclusión social. Xunto a isto baixou a afiliación media á Seguridade Social nun 0,13%, o que equivale a 1.335 afiliados/as menos. Estes datos son a constatación do que neste Pleno manifestou o BNG a respecto das consecuencias que terían as sucesivas reformas laborais, primeiro a do PSOE e logo a súa. O resultado é que o emprego indefinido, trocouse por temporal, peor pagado e con menos dereitos, creando unha nova modalidade de traballador: o precario que traballa e cobra pero non chega a fin de mes. Ese era precisamente o obxectivo das súas reformas laborais e o máis grave é que xa se está consolidando estruturalmente esta enorme bolsa de precariedade e pobreza entre

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2016

cada vez máis traballadores e traballadoras galegas. Agardemos agora que aqueles que permitiron que vostedes sigan a gobernar no Estado teñan a valentía de facer o posíbel para derrogar esta reforma inxusta, insolidaria e devastadora para a clase traballadora. Galiza, xa o dixemos anteriormente, non é país para vellos. Aquí cóbranse as pensións máis baixas de todo o Estado. Ourense ten algo máis de 109.000 pensionistas, pero fai xa moitos anos que na Provincia hai máis persoas subsidiadas que afiliadas, na actualidade máis de 7000. Quen están en idade e condicións de traballar, e ademais teña a sorte de ter un emprego, tampouco o ten doado. Nos últimos anos houbo un brutal proceso de destrución de boa parte do tecido produtivo. Construtoras crebadas, explotacións gandeiras abandonadas por falta de rendibilidade, polígonos industriais convertidos en desertos de formigón, oficinas bancarias pechadas por culpa da fusión de caixas e a bancarrota de entidades financeiras. Tanto quen viven dun soldo como quen traballan por conta propia viron como Galicia e Ourense en particular convertíase en terreo abonado para a explotación e os soldos baixos. E xa que tanto lle gusta, vaíamos aos datos macro. O salario medio en Galiza cando Feijóo foi investido presidente era de 18.815 euros brutos ao ano. Hoxe reduciuse a 18.758 euros. Se se aplica a variación do índice de prezos ao consumo, a caída é aínda maior: en sete anos e sete meses, os traballadores galegos viron minguada a súa capacidade adquisitiva nun 6,2 %. O gasto medio por fogar caeu máis do dobre: un 14%. E co consumo interno estancado, nin sequera a depauperación extrema das condicións laborais melloraron a competitividade das empresas. Cómpre subliñar que o número de persoas traballadoras afectadas por expedientes de regulación de emprego está a aumentar respecto ao mesmo período de 2015, tanto entre os homes (2.436 fronte a 2.002, un 21,7% máis) como entre as mulleres (918 fronte a 524, un 75,2% máis). Destacar como estas últimas, pese a verse menos afectadas en termos absolutos, vense proporcionalmente máis afectadas que os homes polo incremento observado. Esta é a realidade que non poden eludir nin agochar por máis propaganda que paguen con fondos públicos. Esta é a realidade, a consecuencia da súa ausencia de políticas estratéxicas dirixidas aos nosos sectores produtivos. Esta é, en definitiva, a crúa e dura realidade coa que miles de persoas teñen que enfrontarse cada día facendo malabarismos e milagres para subsistir. E falemos señor Presidente dos nosos sectores produtivos. Nunha provincia eminentemente agrogandeira cada vez son máis as persoas que abandonan esta actividade. Cóntanse por centos as explotacións que pecharon nos últimos 35 anos. ¿Sabe

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2016

vostede cantas explotacións había na nosa provincia hai menos de 20 anos? ¿Sabe cantas quedan hoxe? No ano 1999, segundo os datos do censo agrario había 64.992 explotacións de diverso tamaño na nosa provincia, que se reduciron a preto de 13 mil so unha década despois. Nese mesmo ano había 6909 explotacións de bovino, 4404 de ovino, 1648 de cabrún, 79475 de porcino e 56717 avícolas. Dez anos despois as de bovino reducíronse nun terzo, algo menos da metade para as de ovino, a cuarta parte de cabrún, etcétera. O sector lácteo galego, que representaba a columna vertebral da economía da inmensa maioría das comarcas rurais de Galiza é un dos máis afectados. En 2014, tan so quedaban 96 explotacións de produción de leite na provincia, 1796 de carne e 29 mixtas. Dígame vostede unha soa medida, directa ou indirecta, tomada por vostedes a respecto deste sector estratéxico. Non só non tomaron ningunha si non que secundaron, cal procesión de caladiños, as políticas do goberno galego empeinado en facer deixación das súas competencias deixando que outros decidan sobre a supervivencia de miles de explotacións, o que provoca prezos que obrigan a vender por baixo do custe de produción. Temos os prezos máis baixos de toda Europa. Galiza está, aínda a pesares de todo, grazas ao esforzo dos e das labregas entre as 10 primeiras potencias produtoras de leite da UE. Pola contra non temos ningún instrumento interprofesional propio no que se negocien as relacións na cadea do leite, nin temos un marco de contratos que garantan ás explotacións capacidade real de negociación coas industrias. Non é de estrañar, pois, que con prezos por debaixo da media do Estado, e por debaixo dos custes de produción, mesmo inferiores a 20 céntimos, se vexan abocados ao peche, coas consecuencias económicas sociais e medioambientais que isto ten no territorio. Por non falar da situación da Limia, que como consecuencia da meteoroloxía adversa dos últimos anos está a ver como se estraga a colleita de cereal e da semente da pataca, coas conseguíntes perdas que iso implica para a comarca e para a provincia. ¿Que foi do plan de regadío que hai 20 anos concitara a adhesión dos agricultores da comarca? ¿Que leva feito vostede en todo este tempo para que o proxecto fora hoxe unha realidade? Non se preocupe que llo digo eu: pór escusa tras escusa ás múltiples iniciativas presentadas desde as bancadas da oposición, primeiro o seu pai e despois vostede. Ou por falar doutro dos sectores estratéxicos como o do viño: ¿que foi dos contratos homologados que impulsara o BNG desde o goberno de coalición? ¿A súa aposta por este sector que reúne a 4 das 5 denominacións de orixe do país é darlle unha subvención

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2016

aos consellos reguladores? ¿E esa a súa aposta? Ou do sector forestal no que se produciu un descenso de 600 millóns de euros desde 2007, especialmente significativo o descenso na carpintería que pasou de facturar 770 millóns a apenas 370, un sector que perdeu máis de 3000 postos de traballo. A súa gran decisión política foi eliminar as Unidades de Xestión Forestal, implantadas polo goberno de coalición, e por en marcha as SOFOR, das que a día de hoxe non hai unha soa. Eliminaron a aposta polo desenvolvemento multifuncional do monte en aras da extensión do monocultivo do eucalipto. Política con visión forestalista e por enriba errada. Non está orientada as producións de calidade que permitan xerar maior valor engadido á madeira e a unha industria de segunda transformación. A súa aposta única é a pasta de papel e madeira para trituración. Permisividade coa forestación indiscriminada incluso de terras agrarias e abandono dos montes veciñais en man común, que deberían ser a base para unha nova política forestal e de valorización e incremento das rendas no medio rural. ¿Falamos de infraestruturas? O Ministerio de Fomento, a través do denominado Plan de Racionalización dos Servizos Ferroviarios, procedeu á supresión de liñas de tren sen ter en conta que Galiza aínda non conta cunha Rede Ferroviaria moderna comparable coa doutros territorios. Tampouco tivo en conta á hora de facelo a nosa realidade peculiar, nin a problemática do medio rural, a falla de alternativas nas mesmas rutas doutros servizos públicos de transporte alternativo, nin a poboación envellecida desta provincia. Aínda estamos agardando pola posta en marcha do transporte metropolitano, que seica ía estar en marcha hai anos, e que aínda que non sería a panacea, contribuiría a paliar parte do problema, especialmente das zonas rurais máis preto da cidade. No canto de reforzar a estrutura ferroviaria para poder acceder a un servizo ferroviario de calidade, elimínanse cada vez máis liñas de transporte. Mentres se suprimían as liñas Ourense - Vigo (por Ribadavia), Ourense - Ponferrada (por A Rúa - comarca Valdeorras), Ourense - Pobra Sanabria afectando ás comarcas Ourense - Limia - Monterrei - Gudiña) supresión de tódolos servizos das liñas; -Ourense - Santiago Compostela (por Carballiño), ¿que fixeron vostedes? Votar en contra, unha tras outra, das propostas que desde o BNG fixemos de xeito reiterado neste plenario. ¿A iso chámalle vostede defender os intereses dos ourensáns? ¿E da situación dos bancos e caixas na provincia, grazas a esa marabillosa fusión que vostedes alentaron? ¿Estamos mellor hoxe nos concellos do rural? En 15 anos perdemos a metade das oficinas na provincia, pasando de 420 no ano 2000 a menos de 200 na

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2016

actualidade, e o proceso aínda non rematou. Tamén falamos diso neste Pleno e, ¿que fixeron vostedes? Nada de nada de nada. Nada elevado a enésima potencia, señor Presidente. E por máis que queira non se pode por de perfil. Vostede é o presidente do partido que goberna de xeito ininterrompido dende hai máis de 7 anos na Xunta e dende 2011 no Estado. Pero non todo é negativo, entre os seus logros está converter a esta institución nunha máquina trituradora de recursos en beneficio do seu partido, ano tras ano. Non deseñou un so orzamento pensado nas moitas necesidades que esta provincia ten, senón para continuar mantendo a estrutura clientelar da deputación, iso si, facendo da necesidade virtude. Privatizamos todo o privatizable, e logo xa arranxaremos coas concesionarias para que se convertan en verdadeiras axencias de colocación. Sacamos peito a respecto da magnífica xestión económica que da como consecuencia a redución da débeda, cando os pagáns son, entre outros, os concellos, a través do cobro do 5% pola xestión dos tributos (máis de 1,2 millóns de euros recadados no ano anterior). Como diría aquel, con pólvora allea dispara calquera. No capítulo de melloras tamén figura a cantidade da que vostede pode dispor de xeito clientelar para reparto de dádivas e favores varios. Pasou do 20% ao 50% pola vía das subvencións nominativas, ademais das que xa adxudica a cotío por decreto. Dixo por activa e por pasiva que ía modernizar as estruturas desta deputación, e o único que fixo foi crear un entramado burocrático para recompensar a esa inxente cantidade de aduladores dos que tanto gusta rodearse. En definitiva, señor Presidente, vostede ao longo destes case 5 anos de mandato ten demostrado varias cousas: a súa carencia de proxecto para unha provincia fundida polas políticas do seu partido ao longo de máis de 30 anos, a súa incapacidade manifesta para gobernar, a súa intolerancia para asumir a crítica política, mesmo recorrendo á ameaza e a extorsión cando algunha xornalista fala do que a vostede non lle gusta, e o seu medo (pánico diría eu) para dar as pertinentes explicacións á cidadanía. Remato, Sr. Presidente, deixando para a segunda quenda a presentación das nosas propostas. Simplemente, retomando o que vostede dixo na súa primeira intervención de non criticar por criticar, este grupo político tentou, e ás vistas está de todos os señores deputados e deputadas, presentar unha batería de propostas concretas, explicadas, razoadas, cunha folla de ruta clara e cun orzamento para poñelas en práctica que, como digo, tentarei resumir e explicar un pouco na seguinte quenda de intervención, e de todas maneiras, xa para rematar, e falando das propostas que presenta o

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2016

Grupo Popular, non podo evitar ter que referirme á proposta nº 6 que presentan, do plan de igualdade, que xa raia o sarcasmo e penso que a tomadura de pelo a tódolos deputado e deputadas. Que vostedes nos veñan a falar dun plan de igualdade cando hoxe mesmo acabamos de coñecer pola prensa que a xuíza ratifica a súa intención de continuar co seu proceso de investigación por suborno e tráfico de influencias e ademais está pendente de aclarar se a súa actitude puido implicar acoso sexual parécenos unha auténtica tomadura de pelo e un auténtico sarcasmo. Pero teremos tempo de falar diso. De momento, nada máis, Moitas grazas, Sr. Presidente.

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Ourensana: hola, buenos días. Dice el compañero del Bloque que tendremos tiempo para hablar de eso, pero moito tempo non temos, porque es otra artimaña más aquí de José Manuel, que nos pone para él treinta minutos, el doble de tiempo que para los demás, y donde quiere que hagamos la diez propuestas, si hablamos de las propuestas no podemos dar la réplica a todo lo que dijo hoy. La noticia del día hoy la reseñaba el compañero del Bloque, que es más clara que el agua, que es lo que realmente es la noticia del día, no es esto del atril, que vengas aquí a presumir de una provincia de los mundos de Yupi que sólo existe en tu mente y en la de cuatro que tienes ahí adocenados; la noticia es que la jueza descarta la prescripción del delito y mantiene la causa por acoso sexual contra Baltar, esta es realmente la noticia del día, un pleito que va a seguir vivo gracias a que Democracia Ourensana es el único partido, los únicos que realmente nos personamos, previo pago de la fianza más cara que se puso para un personamiento de este tipo en Galicia y que la pagamos de nuestro bolsillo. Hay una escena de una película, no sé si *El sexto sentido*, esta que dice “veo muertos”, ¿no?, un chaval que dice “en ocasiones veo muertos”, y hay una escena de la película en que Bruce Willis, que es el psiquiatra, sale de la casa alucinado después de hablar con el chaval y saca un magnetófono y dice “posibles alucinaciones mentales, trastorno de no sé qué...”, empieza a decir todo lo que le pareció lo que decía el chaval, pues más o menos, Bruce Willis, después de oír hablar hoy a José Manuel diría básicamente lo mismo, después de oír todo lo que desbarró aquí en un discurso megalómano, todas esas frases que decías que no tenían nada que ver con la realidad, diría lo mismo, saldría ahí al pasillo y empezaría a decir “buff, está mucho peor de lo que pensaba”. Es realmente fascinante. Básicamente lo que dijo en su discurso se resume en la siguiente parábola: ustedes imagínense que en un

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2016

partido de fútbol está aquí José Manuel Baltar de entrenador, él elige a los jugadores y es el responsable de todo y el equipo pierde 8 – 0, bueno, pues el tipo, José Manuel Baltar, sale a la rueda de prensa y dice, “hemos hecho en el minuto 36, cuando nos tiraron aquella falta, la mejor barrera de todas las barreras que se hizo nunca en un partido de fútbol; hemos lanzado el córner más rápido que se recuerda en la historia de este equipo de fútbol, nunca nadie lanzó un córner tan rápido; hemos hecho el contraataque con más jugadores que se ha hecho nunca jamás un contraataque”. Sí, pero el equipo perdió 8 – 0. Es de lo que hizo todo su discurso. El mundo utiliza una serie de números, unos estándares para medir cómo está la provincia, igual que en el fútbol el estándar son los goles, y como se dice en gallego, o que non son contas, son contos, y este señor nos viene aquí a desbarrar de todo lo que hace, Open Government, estamos a la vanguardia de los cuarenta y cinco no sé qué, un pueblo que quiere saber y que sabe lo que quiere, cada vez son más orensanos los que creen en esto, dice, ¿cómo van a ser cada vez más si cada vez quedan menos en esta provincia? Serán cada vez menos. Dice que estamos ante un cambio de modelo, cambio de modelo no estamos ante ninguno, el caciquismo sigue siendo el mismo hace cuarenta años, ¿qué cambio de modelo hablas tú aquí? Habla de elección democrática directa, que ya lo propuse yo, pero, ¿qué importa que lo propongas si realmente no se va a implantar? Eso es como decir yo mañana que desafío al campeón de los pesos pesados de boxeo, que no me va a hacer ni caso, y digo fíjate, yo podía ganar, porque lo desafié, pues este igual, yo podía ser presidente elegido democráticamente por todos los ciudadanos, pero la ley no lo permite, pero yo me postulé. ¿Y qué es lo que quiero decir? Que realmente, los estándares que se miden para realmente saber cómo va la provincia es un poco todo lo que dijo el discurso del BNG: la edad media de la provincia, el envejecimiento de la población, la tasa de paro, la tasa de jóvenes, la emigración, los sueldos, los salarios, las jubilaciones... estos son los números, y en eso Ourense está a la cola desde hace años, y contigo solamente empeoraron, entonces todo lo que hablaste aquí es paja, ¿a quién quieres engañar?. En cualquier sistema de medición hay que utilizar los estándares que hay, y en los estándares que hay Ourense está realmente a la cola contigo de entrenador. Entonces, toda esta mierda que nos soltaste aquí desde el atril, que sólo sirve para que presumas aquí ante tu gente, ¿de qué sirvió?, ¿de qué sirvió si sigue emigrando la gente? Te pones a hablar del agropecuario en los mismos días en que Coren dice que está planteándose llevar Frigolouro para Portugal, en vez de

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2016

para Ourense, y este tipo se pone a hablar de la defensa del agropecuario, de cómo está renaciendo el agropecuario en la provincia. Si realmente consigues que Coren traiga para aquí Frigolouro, que está pensando en llevarlo de Porriño a Portugal, nos quitamos el sombrero, pero déjate de discursos de la ONU, porque lo que tendrías que hacer es estar en Nueva York hablando en la ONU de lo que va a significar Donald Trump en los Estados Unidos, y no aquí intentando engañar a la gente. Las propuestas nuestras en las elecciones autonómicas incluían crear un gran parque agropecuario e inversiones en eso, para que no pasara lo que realmente puede pasar, que Frigolouro se instale en Portugal. Unas propuestas que realmente no conseguimos los votos suficientes, pero me hace gracia porque esas diez propuestas que hicimos, entre ellas el instituto de inteligencia artificial, el agropecuario, lo del parque acuático, con las que fuimos el quinto partido más votado, pero realmente fuimos moralmente los ganadores porque el domingo día 13 viene aquí en el periódico de cabecera aquí de Manuel Baltar, *La Región*, el establishment de Ourense, diversas personas, pidiendo las propuestas de Democracia Ourensana, o sea, aparte del I + D, que hay que reducir el desequilibrio entre la costa y el interior, lo que nosotros siempre dijimos, el tema agropecuario, propuestas todas ellas que coinciden con el programa electoral de DO a la Xunta de Galicia, que precisamente no obtuvimos representación pese a haber doblado votos con respecto a las anteriores, pero lo que viene reflejado aquí es que lo que nosotros proponíamos es lo que realmente demanda la sociedad, que son realmente las grandes carencias. Me hace gracia porque venía la semana anterior lo de Donald Trump, y se habla mucho haciendo falsas analogías, y se acusa a veces a Donald Trump de que él no empezó de cero porque había tenido una herencia, yo realmente no soy defensor de Donald Trump aunque me alegré de que ganase porque es un cambio de modelo, eso sí es un cambio de modelo, y puede ser una ruptura con el continuismo, y puede ser mejor o peor, esperemos que sea a mejor, vamos a ver qué pasa, pero me fastidia cuando la gente habla de este tema y se dice que Trump heredó, pero el padre de Donald Trump no le dejó en herencia la presidencia de los EE.UU., porque hay cientos de millonarios en EE.UU. que no podrían conseguir la presidencia, y en ese sentido, *chapeau*, por ese logro personal. Mucha gente me lo dice de mí, no, es que tú heredaste un negocio, pero mi padre no montó Democracia Ourensana, que es el partido independiente con más concejales en una capital de provincia de toda España. Sin embargo este hombre de aquí sí que se puede decir que heredó, porque

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2016

no heredó algo privado, heredó algo público y realmente no aportó nada. Cuando en las elecciones de 2015 el PP estaba en vacas flacas y obtuvo unos malos resultados en los municipios, el PP de Ourense con Baltar a la cabeza bajó; ahora que el PP está un poquito al alza, con las elecciones de Feijoo, volvió a subir. Es decir, es irrelevante lo que haga este señor, realmente él no aporta nada. Y se ríe. ¿De qué te ríes?

Sr. Presidente: prosiga, por favor.

Don Gonzalo Pérez Jácome: non, estouche preguntando de qué te ris. ¿Ti aportache algo, aparte de continuar o caciquismo do teu pai? ¿Aparte do escándalo Francisco II aportaches algo? Bueno, el discurso este lo estarán viendo aquí un centenar de personas, por Internet unas quinientas, y por Auria TV lo verán 30.000, el tiempo que lo repitamos, será donde lo ve el grueso de la población. Ahí se verá el discurso ONU de Manuel Baltar y el grado de alucinación que tiene, de cómo vive en los mundos de Yupi. Estamos ya con un Observatorio, podemos hacer comparativas, habla de que el hospital de Ourense va a ser el de más vanguardia de España, igual te refieres al parking, ¿no?, que le regalasteis el suelo público, para dar aquel pelotazo, a los de Copasa, y que al poco tiempo lo vendieron a un fondo de inversiones mexicano, ¿te refieres a eso? Dice algo alucinante J.M. Baltar, que el Plan Termal ya está ejecutado al 50 %. O sea, que lo que se está facturando ahora mismo en el termalismo no supone ni el 0,1 % del PIB de la provincia, ojo, no estoy diciendo el 1 %, el 0,1 %, y dice que ya está ejecutado al 50 %, ¡coño!, entonces nunca vamos a llegar ni al 0,2 %. O sea, que al final es un *bluff* económico, lo que decía DO, el termalismo es una bendición y una maravilla para los que vivimos aquí, pero como potencial económico siempre defendimos que es un *bluff*, pues ahí lo tienes, dice que está ejecutado el Plan al 50 %, o sea que teníamos razón, porque si no se recauda un duro ahora mismo, cuando completen el 100 % poco más se va a hacer. Si el termalismo tiene potencial económico o no, no tiene sentido debatirlo, es como el Club Ourense Baloncesto, esto es un maná, pues si es un maná pones los bonos a 1.000 euros, hay 4.000 personas, total 4 millones de euros, ya está, no hace falta dinero público. El termalismo es igual que lo del COB, es un maná, pues si es un maná lo tienes muy fácil, pones un torno en las termas, cobras tres euros y ya está, a ver lo que recaudas, no tiene sentido discutirlo, un contable no discute, solamente examina los números. Y aún dice que van a hacer nuevos balnearios, pero si resulta que los que hay son deficitarios, que tiene que pagar la

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2016

Diputación como dicen esos anuncios que hay en la radio, y habla de iniciativa privada, ¿qué iniciativa privada, hombre, si cuando quiso aquí montar un balneario en terreno público los de Caldaria dijeron que se concretasen las ayudas públicas para hacer el hotel – balneario? Así tamén cho fago eu. Iso recórdame ao teu pai, siempre cuento esta anécdota, cando non sabía que facer co Club Deportivo Ourense e non había quen o comprase, entón chamaron ao Lorenzo Sanz, o do Real Madrid, e mandaron un emisario a un partido co Celta de Vigo, nunha reunión na que estaba Quino Muñoz, fue muy gracioso, y un amigo mío personal, y entonces hablaron con Lorenzo Sanz, y dijo, a ver, yo me hago cargo del Ourense, ¿qué me podéis dar?, y le dijeron que le podían dar la explotación de varias casas rurales que tiene la Iglesia Católica en varios sitios, y preguntó cuántas casas son y le dijeron que 75, y dijo, eso son 75 dolores de cabeza, déjame de rollos, decidme qué solares hay por ahí para hacer un edificio, entonces fueron a junto de Baltar y le dijeron, mire, pide un solar, y Baltar respondió, bueno, carallo, bueno, para recalificar, ¿e para iso temos que chamar a un de Madrid?, iso xa o facemos nós, non fai falla chamar a un de Madrid. Y fueron a decirle que del solar nada, y respondió que a él si le daban el solar bien, que el club Ourense se lo quedasen e hiciesen con él lo que quisiesen, pues esto es igual con lo del termalismo, dácheme igual o hotel, de cinco estrelas, de catro ou de tres, ti dame axudas públicas, subvencióname, e xa está, esa es la realidad de la historia. Habla de estabilidad política, una vez más son palabras que no sirven para nada. Una vez leí una historia que decía que en Italia después de 400 años de guerra salió el Renacimiento, sin embargo en Suiza, después de cientos de años de paz, sólo hicieron un reloj de cucú. Habla de que la Diputación de Pontevedra presenta los presupuestos más tarde, y los presentarán más tarde, pero lo deben hacer mejor, porque el tema éste de la administración electrónica al parecer van a sacar la administración por 700.000 euros, y aquí va a costar 5 millones de euros, o sea nueve veces más, y pide que le expliquen eso, y quién se va a llevar esa pasta y cómo la va a devolver a vuestros bolsillos. Si es un soborno, ¿cómo os lo van a devolver, con propiedades aquí o en el extranjero? Y si es en el extranjero dime dónde, que me gustaría sacar una foto para el Facebook, no te pido nada más, pero déjame hacerme un *selfie* con una propiedad tuya de un soborno. Hablas de natalidad, y hay que tener cojones para hablar de un plan de natalidad en Ourense, de nuevo son números otra vez, este señor es un fantasma y un fracasado, lo de la natalidad son números, número de nacimientos, entonces

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2016

dime si outras provincias han tenido un repunte con tu plan de natalidad, porque entonces no ha servido para nada, porque todas estas palabras de este fantoche y cacique no valen para nada al lado de los números, y los fríos números son los que son, que ahora llegan dentro de poco las Navidades y Ourense se llenará de gente, y esto significa que durante el año están fuera, porque han tenido que emigrar. Cuando una población en Navidades cobra vida es una noticia tristísima, porque significa que se han marchado. En Madrid o Barcelona es al revés, en Navidad no hay más gente, y esas son las ciudades que realmente no tienen que hacer estos discursos megalómanos. Dice que en el plan de obras todos los concellos son tratados por igual, claro que son tratados por igual, que es mentira, pero aunque fuera así, los que no son tratados por igual son las empresas de las obras, que se las da, el 75 %, a cinco empresas. Luego las empresas de la provincia no son tratadas por igual, las otras 295 que les den por culo, y quiero que me respondan: ¿qué es, porque no pagan los sobornos? Y nada más: déjate de fantasmear y pon más números.

D. Francisco José Fraga Cibeira, portavoz do Grupo Socialista: moitas grazas, Sr. Presidente. Sr. Presidente, Sr. Vicepresidente, señores deputados e deputadas, distinguido público asistente e tamén a quen nos estea vendo dende a distancia, moi bo día. Sr. Presidente, vostede acaba de poñer enriba da mesa unha provincia descoñecida para min, e coido que para moita xente. Eu voulle falar de outra, da nosa. Non vou falar do Ourense internacional, non sei se situalo en Alabama ou en Nebraska, vou falar do Ourense das mil aldeas, das corredeiras e dos noventa e dous concellos que temos nesta provincia. Porque Ourense ten uns 4.000 habitantes menos cada ano, cunha sangría demográfica que semella imposible de deter. Pero ademais de ser menos, somos máis vellos, cunha taxa de natalidade das máis baixas de toda España, con 1.820 nenos e nenas menos en 2015. A xente nova non ten fillos, porque non hai, vaise, emigra dunha provincia sen expectativas, cun desemprego elevado e cunhas cotizacións que cada vez van a menos. A mellor medida de fomento da natalidade é o emprego e os servizos para que a xente nova se quede aquí. Unha provincia que é a primeira empezando pola cola en canto á taxa de avellentamento, cun saldo vexetativo negativo de preto de 3.000 habitantes. Unha provincia pensionada, con miles de pensionistas máis que cotizantes: dous de cada tres ourensáns teñen máis de 65 anos. Por non falar da exclusión social e da pobreza, apenas maquillada polas baixas pensións, as máis baixas de Galicia. Abonda con estes datos para reflectir unha provincia

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2016

insostible, cun grave problema de futuro. Para revertir esta difícil situación cómpre algo máis que discursos trufados de citas, baleiros por moi bonitos que sexan, e viaxes de autopromoción ao estranxeiro. Cómpre aproveitar as potencialidades e fortalezas da provincia, que as ten, e moitas, pero que están deixadas á súa sorte. Unha meirande parte da terra desta provincia está sen producir, non hai máis que pisar o monte e as concentracións parcelarias que arden unha vez tras outra, con millóns de pequenas parcelas catastrais que fan inviables moitas iniciativas no rural, hectáreas e hectáreas de monte queimadas ano a ano, gastando en extinción o que se debería gastar en prevención e posta en valor. Unha provincia que por moito que lle poñamos o apelido de intelixente, e de open government, e de co – working e demais esnobismos varios referidos ás novas tecnoloxías, padece unha profunda fenda dixital: a metade dos fogares desta provincia están sen ordenador e sen Internet, en Ourense sur só o 36 % o ten. Imposible consultar así os datos dos observatorios, por moitos que haxa. Se no rural non se dispón de Internet, é imposible que saian adiante moitos proxectos de desenvolvemento rural, moi necesarios, por certo. Unha provincia que aspira a ser cardioprotexida e con monitores de tv e internet en cada cama hospitalaria, pero cunhas listas de espera vergoñentas e crueis para a cidadanía. Unha provincia que pertence a non sei cantas asociacións termais, pero cun sector que non remata de arrancar, por moito que queriamos ser capital termal en poñer piscinas termais no Miño, con diñeiro público, en beneficio de todos sabemos quen. Unha provincia na que se anuncia inminentes remates das infraestruturas necesarias, na que o AVE se acaba un ano tras outro, con illamento das comarcas de Valdeorras e de Trives – Caldelas que semella non ter fin. Cunha autovía a Portugal que non acaba de rematarse. Máis alá de discursos estériles e de compromisos que nunca vemos cumpridos, o que precisamos son realidades. Precisamos ver a realidade, pisar e falar das aldeas despoboadas, dun rural que morre. Precisamos partir dun bo diagnóstico, por duro que sexa. Non pechar os ollos e mirar cara a outro lado. Se non o facemos, será imposible atinar co tratamento, e o tratamento precisa de feitos, non de excusas, nin de discursos que maquillen a realidade, nin de chivos expiatorios. ¿Toda a responsabilidade é súa, Sr. Presidente? É obvio que non, posto que esta institución non ten competencias para solventar ela soa toda esta situación. Pero non é menos certo que o partido ao que vostede pertence gobernou e goberna anos e anos as institucións estatais e autonómicas; e veñen á provincia ministros e conselleiros, pero só traen palabras, nada que

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2016

reverta esta situación. Falan e falan de reequilibrio territorial, pero o desequilibrio, nesta provincia, non fai máis que aumentar. Por non falar de que o seu partido foi autor da lei máis lesiva para os concellos, unha lei que é imprescindible mudar e derrogar. Vostede viaxa, e viaxa moito, Sr. Presidente, promocionando a provincia: mobilidade a súa, mentres no rural se quedan sen transporte. Pero máis ben é autopromoción, porque sería conveniente, que de paso que viaxa, levase algo máis que eses datos teimudos que puxemos enriba da mesa. E moito máis importante é que trouxese as alforxas cheas de proxectos e realidades para esta provincia, máis aló de propagandas. Nós queremos outra labor nesta institución: unha institución que cumpra co seu principal cometido, e que apoie aos pequenos concellos da provincia, todos agás a capital, concellos con grandes carencias, cun financiamento insuficiente, cun reparto clientelar e partidista e finalista vía convenios, en vez de transferencias de fondos non condicionadas, para que os concellos poidan planificar as súas políticas. Uns concellos que non se sintan sós, que teñan na deputación un aliado que lles preste servizos especializados e de calidade. Non é necesario suprimir municipios, senón poñer as deputacións ao seu servizo (Manuel Zafra Víctor). Unha deputación que teza redes, que implique ao resto das administracións públicas no futuro desta provincia, e tamén aos sectores produtivos. Nese senso, van as propostas que presentamos, das que falarei máis tarde, que se resumen en dúas vías: por un lado, a necesaria e imprescindible colaboración cos concellos, buscando a súa participación e implicación a través de redes, e por outro lado, tamén, o tecido de redes cos sectores produtivos. Pero non só cómpre tecer esas redes das que falei. Cómpre destecer as redes clientelares, que non dubido que serán moi proveitosas para que vostede estea á fronte desta institución, e para o seu partido político, pero que á vista está que son perniciosas para a cidadanía desta provincia. Neste camiño modernizador atoparanos a nós, e esa será a nosa labor diaria nesta institución. Non nos atopará en ocorrencias, por moito que estas veñan escritas en inglés. Sr. Presidente, non dubidamos da súa ourensanía, nin do seu agarimo por esta provincia, nin que Ourense sexa a patria do seu corazón. Pero teña presente que, como di a canción, hai amores que matan, e moito me temo que, de tanto amor, vai acabar connosco. Moitas grazas.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: sr. Presidente, señoras deputadas e deputados, convidados e demais persoas que nos acompañan ou nos seguen a través dos medios de comunicación: parafraseando ao Sr. Presidente, fai 731 días – espero

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2016

ter contado ben – é dicir, o 14 de novembro de 2014, tamén neste salón, eu cualifiquei ese día como histórico para esta deputación; histórico pois supuña que por primeira vez os representantes políticos da cidadanía ourensá celebrásemos o primeiro debate sobre o estado da provincia. Nada nos fixo cambiar de idea: non puido celebrarse este debate no ano 2015 polas razóns xa expostas polo Sr. Presidente, pero de novo aquí estamos, dando cumprimento ao establecido na Disposición Adicional 5ª do Código Ético e de Conduta que nós mesmos nos demos e aprobamos o 30 de abril de 2014. Hoxe quero dicir o mesmo. Trátase dun debate, no que estamos hoxe, que nos ten que facer reflexionar a todos en clave positiva, lonxe de vitimismos que sempre, e hoxe puidemos velo, que sempre se caracterizan por esta actitude e non fan máis que dano, moito dano, á nosa provincia. O decálogo de propostas que ven de presentar o Grupo Popular recolle unha ampla mostra das áreas estratéxicas que dende o goberno provincial consideramos esenciais para o futuro desta provincia. Estamos a falar de dinamización económica, de emprego, de emprendemento, do medio rural, de termalismo, de viticultura, da nosa cultura e patrimonio, da cooperación cos concellos e tamén de igualdade, Sr. Rodríguez Suárez, tamén de igualdade, base dunha sociedade moderna, como eixo de actuación desta institución provincial da que o seu presidente non se cansa de recordar, con total acerto, que é o concello dos concellos. Estas dez propostas, ás que logo me referirei, non son un documento illado ou unha relación de proposicións sen ligazón coa xestión de goberno que se está a facer nesta deputación. As liñas de actuación das que estamos a falar constitúen un complemento ao plan de acción Ourense 15 – 19, unha visión de provincia a medio e longo prazo baixo a premisa de principios enmarcados nunha estratexia provincial. Pero non estamos a falar dun documento pechado, todo o contrario, é un plan vivo que se enriquece con propostas como as que traemos a este pleno e coas que tentamos dar resposta á evolución da provincia e da sociedade ourensá. Con estas proposicións, o Grupo Popular pretende afondar en cuestión que entendemos básicas para o desenvolvemento empresarial de Ourense, como a zona franca na contorna da máis importante área industrial da provincia con máis de 4.000 empresas e preto de 10.000 traballadores, ou obter un mellor aproveitamento dos nosos recursos naturais, como o termalismo, de grande potencial como o forestal ou de contrastada calidade como os nosos viños. Con semellante patrimonio espallado pola provincia, ¿cómo non imos comprometer a súa rehabilitación, a protección,

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2016

conservación e defensa da nosa identidade, da nosa cultura, da nosa historia e, por suposto, como recurso turístico de primeira orde? ¿Cómo non íamos celebrar dun xeito especial o Día das Letras Galegas en 2017, se despois de dezasete anos terá como protagonista a un ourensán, intelectual e escritor esencial na historia e na cultura de Galicia, como é o limiao Carlos Casares? E, por suposto, seguir a ofrecer novos servizos aos concellos, de xeito especial naqueles aspectos para os que a meirande parte carecen de estrutura e dos medios necesarios para unha xestión máis eficiente e transparente. Todas estas achegas tratan de enriquecer un plan global de provincia, potenciando a marca Ourense, e unha liña de xestión posta en marcha polo Presidente desta institución e que está a dar os seus froitos dunha maneira clara e determinante, se recoñeza ou non. Non esquecemos os mellores resultados económicos obtidos pola deputación en toda a súa historia: o remanente máis alto de tesourería nunca conseguido, con case 27 millóns de euros, 18,5 máis que no ano 2010; a menor porcentaxe de endebedamento, á que xa se referiu o Sr. Presidente, co 34,99 %, que se reduce cada día que pasa nun 0,1 %, de tal xeito que esperamos chegar ao final do ano cunha débeda por debaixo do 24 %, e en maio de 2019 estaremos na débeda cero, é dicir, é dicir, unha redución do 92,4 % dende 2011; ou o descenso ata 12 días de media para o pago a provedores, cunha evolución á alza dos orzamentos provinciais, que pasaron dos pouco máis de 66 millóns en 2013 aos 77 millóns actuais. Tamén hai unha evolución dos gastos de persoal, que se reduciron dende o 41,75 % de hai tres anos ata o 37,5 % actual. Son cifras, si, pero obxectivas e sen marxe de interpretación que nos permiten contar con máis diñeiro para investir, atendendo as necesidades básicas dos nosos concellos e os seus veciños, e desenvolver máis proxectos. Necesitáramos un pleno monográfico máis para falar de todo o feito, pero cómpre salientar, na liña desta intervención, a achega de máis de 5,1 millóns de euros para sufragar os 55.500 euros que a Deputación entrega a todos e cada un dos concellos, que no ano 2017 serán 58.000 euros; 900.000 euros para o plan de empregabilidade, e 800.000 para o primeiro plan provincial de apoio á natalidade que polo que vexo lle fai graza a algúns voceiros dos grupos da oposición. Como dicía, a boa xestión realizada ata o momento permitiu ao grupo de goberno que preside Manuel Baltar concentrar esforzos en proxectos de interese para a nosa provincia, como a primeira misión comercial oficial de EE.UU. realizada en xuño pasado, e as bolsas Ourense Líder para prácticas en empresas de EE.UU. Tamén en iniciativas de promoción da nosa provincia e

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2016

dos seus recursos a través de actividades deportivas, refírome por exemplo ao termalismo social e ao termalismo deportivo, este último cun evento de primeira orde como foi a Volta ciclista a España 2016, baixo o nome Ourense Termal – Madrid, con catro etapas que discorreron por territorio ourensán. Estas e outras actuacións que non vou enumerar agora englóbanse no concepto acuñado polo Presidente da Deputación como marca Ourense, que traza unha liña estratéxica de competitividade cunha visión integral de provincia, onde se potencia a colaboración público – privada para desenvolver proxecto innovadores, creativos e de vangarda que fagan atractivas as nosas singularidades. Precisamente neste ámbito o Presidente da Deputación ten moi clara a necesidade de participar en organismos internacionais, e así estamos representados por Manuel Baltar como vicepresidente de Partenalia, a organización de gobernos intermedios de Europa, pertencemos á Asociación Europea de Cidades Termas Históricas, ou imos ser sede e provincia fundadora do Consello Europeo de Economía Sostible. O digo unha vez máis: o presidente e o seu equipo de goberno temos moi claro que a deputación non pode limitar o seu papel a botarlle unha man aos concellos, cando estes os solicitan. A deputación debe en cambio situarse ao fronte, detectar necesidades, procurar solucións e achegarlles ás políticas municipais unha visión integradora que vertebre o noso goberno local no aspecto administrativo e permita o deseño de políticas concretas de xeito concertado, con pleno respecto, iso si, á autonomía municipal, e levando á práctica os principios básicos de eficiencia, eficacia, participación democrática, descentralización e, por suposto, servizo aos cidadáns que, sen dúbida, é o fin último. Non hai maior garantía de bos resultados nas relacións entre as administracións que a que nace da colaboración mutua para a xestión dos servizos públicos: cooperar para dar mellores servizos aos nosos veciños e veciñas, cooperar para ter mellores infraestruturas, cooperar, en suma, para ser máis eficaces e eficientes. Para nós está claro que os gobernos intermedios como as deputacións, por certo, tan denostadas por algúns grupos políticos salvo que as gobernen ou co – gobernen, son un instrumento clave para a prestación de servizos públicos, precisamente mediante a cooperación, sen dúbida, e como acostuma a dicir o noso presidente, a palabra máis importante en política. En resumo, nesta liña de actuación estamos, nela seguiremos, avanzando e dando cumprimento, como non podía ser doutro xeito, ao plan de acción Ourense 15 – 19, plan estratéxico de xestión operativa que da continuidade ao xa coñecido Plan Ourense 92, e que presenta dous importantes

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2016

obxectivos centrais, xa que se di que nós non temos proxecto: unha visión integral de provincia e o desenvolvemento rural sostible; catro obxectivos específicos: plan termal, axencia da enerxía e do medio ambiente, competitividade e provincia intelixente; e sobre estes catro obxectivos pivotan as sete liñas estratéxicas do plan que resumo brevemente: Ourense deporte, potenciando as actividades deportivas de alto nivel, baloncesto, fútbol, piragüismo, ciclismo, organizar grandes eventos que proporcionen recursos indirectos, etc...; Ourense turismo, establecendo unha estratexia turística provincial en canto ao turismo termal, cultural e de natureza, esquecéndonos un pouco dos localismos; Ourense tecnolóxico: Ourense pode converterse nun referente tecnolóxico potenciando iniciativas empresariais, coa lóxica da creación de emprego, tema este moi importante ao que tamén se referiu o Sr. Presidente na súa intervención; Provincia Intelixente: o horizonte 15 – 19 será o momento de implantación do concepto “provincia intelixente”, patentado, permítasenos a expresión, por este grupo provincial; Ourense participa, para o bo funcionamento da provincia, así o entendemos, é imprescindible a colaboración activa dos seus habitantes, e estableceremos máis mecanismos de comunicación e participación cidadá, afondando neles, e algúns xa están implantados, como a posibilidade de que se lle poidan presentar preguntas ao Sr. Presidente; e Ourense verde, para nós, sen ningunha dúbida, medio ambiente e territorio son sectores estratéxicos para o desenvolvemento da provincia; potenciaremos o emprego verde, o eco – emprego, xerando un novo modelo produtivo coa marca Ourense, coa Axencia Provincial da Enerxía e do Medio Ambiente; e como non, outra liña estratéxica é a que denominamos Ourense habitable, básica e fundamental para nós. Tódolos programas anteriores oriéntanse a un dos nosos principais obxectivos: asentar e captar poboación na nosa provincia. A despoboación galopante é un feito incontestable, non o negamos. Converter a Ourense nunha provincia habitable permitirá, nun horizonte próximo no que as distancias se reduzan, investir a tendencia histórica das últimas décadas. É certo, o dicía o Sr. Fraga Civeira, nos últimos dez anos entre 3.000 e 4.000 habitantes perde anualmente esta provincia, temos que pórle freo xa entre todos e sen demagoxias. Pero hoxe, dunha maneira máis concreta, como esixe o formato deste plenario, presentamos as seguintes propostas de resolución para a súa aprobación que leerei brevemente:

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2016

No sector vitivinícola, poñer en marcha, en colaboración cos consellos reguladores das denominacións de orixe Ribeiro, Valdeorras, Monterrei e Ribeira Sacra, unha feira/exposición anual do viño da nosa provincia.

Na cooperación cos concellos, prestarlles asistencia específica ás entidades locais da nosa provincia na elaboración das relacións de postos de traballo e no inventario de bens municipais.

Na calidade dos servizos públicos locais, avaliar mediante as enquisas correspondentes os servizos públicos prestados polos entes locais da provincia de Ourense, afondando na transparencia da xestión e na mellora permanente.

No que se refire á economía, emprego e emprendemento, colaborar activamente coa Cámara de Comercio e Industria de Ourense para potenciar o papel do Viveiro de Empresas co que conta na Tecnópole e as Antenas Locais de Verín e do Barco de Valdeorras.

En canto ao termalismo, establecer, tendo en conta as recomendacións dos colexios profesionais da saúde, un sistema integral de información terapéutica das principais augas mineromedicinais da provincia.

Na liña de actuación da igualdade, que tanto lle estraña ao Sr. Rodríguez Suárez, elaborar, tendo en conta os postulados e a filosofía do Código Ético e de Conduta, un Plan de Igualdade propio da Deputación de Ourense, que espero que apoie, Sr. Rodríguez Suárez.

Na cultura e o patrimonio, o noso obxectivo inmediato é constituír unha comisión provincial do patrimonio cultural que estude e se pronuncie respecto da súa rehabilitación, conservación e difusión, proponendo as medidas que estime oportunas ante as administracións públicas e entidades correspondentes.

Non nos esquecemos dos montes veciñais en man común, e polo tanto propoñemos axudar e asesorar ás comunidades propietarias de montes veciñais en man común para a legalización da súa xestión no correspondente a estatutos, elección de xuntas reitoras e consulta das axudas públicas e, como non, posta en marcha de proxectos que xeren riqueza e emprego no rural.

Polo que respecta ao Día das Letras Galegas do ano 2017, ao que xa me referín, desenvolver durante o ano 2017, tendo en conta que o Día das Letras Galegas se dedicará a Carlos Casares, referente literario provincial, actos e manifestacións en lembranza da súa

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2016

figura e da súa obra, de común acordo coa Fundación Carlos Casares, estudando a posibilidade de instaurar un premio cultural que leve o seu nome.

Para rematar, no solo empresarial e dinamización económica, propoñemos estudar, con outras administracións públicas, a posibilidade de promover a constitución da Zona Franca de Ourense, tendo en conta o solo industrial - comercial que se concentra na área onde se atopan o Polígono de San Cibrao das Viñas, a Tecnópole, o Polígono de Barreiros, a Cidade do Transporte e os parques empresariais de Pereiro de Aguiar, de Paderne de Allariz e de Taboadela (8.650.000 metros cadrados) gañando en capacidade autónoma e decisoria empresarial e en competitividade.

Nada máis, moitas grazas pola súa atención.

Unha vez rematadas as intervencións dos grupos, e sendo as 11:40 horas, o Sr. presidente suspende o Pleno por un prazo de trinta minutos.

Ás 12:20 horas reiníciase o Pleno cunha quenda de dúplica do Sr. presidente por un tempo máximo de 10 minutos, á que seguirá unha quenda de redúplica dos grupos políticos por un tempo máximo de 5 minutos cada un, coa mesma orde de intervención que a anterior.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

Don José Manuel Baltar Blanco, Presidente da Deputación: moitas grazas, bo día de novo a todas e todos, despois de escoitar as intervencións dos grupos agradezo o positivo dos discursos, fundamentalmente do Grupo Popular, tamén do Grupo Socialista, agradezo o ton e o respecto institucional, aínda que, escoitando aos tres voceiros da oposición, parecían querer disputarlle a Robert Gordon o papel de guionista na película de Silberling, *Una serie de catastróficas desdichas*, do ano 2004, porque todo está mal, pero eu creo que iso xa non o compra ninguén, como demostran os resultados electorais, porque se todo é como vostedes din, ¿están os ourensáns equivocados? Se non o están, que seguramente non o están, entón falla a comunicación da súa mensaxe, e é que ao mellor hai unha incapacidade para transmitilo por parte de vostedes. Unha palabra máxica tamén en política – o Sr. Álvarez Dobaño falaba de cooperación – é tamén a de renovación. Falaba desa película do ano 2004, por certo un ano despois, no 2005, chegaba á Xunta ese goberno

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2016

bipartito, que se ocupou, e llo digo ao BNG, de áreas estratéxicas, como eran os servizos sociais, a industria, a cultura, o medio rural, e imaxino que neses catro anos era todo espectacularmente positivo, na etapa de Carrumeiro Media S.A., ¿me segue, verdade? Fala de respiración asistida, fala de provincia afundida e non sei se eses cualificativos non serían máis axeitados para certa organización política que está perdendo non só apoio senón representación institucional, non só no concello de Ourense senón incluso nas Cortes Xerais. Creo que alguén falou aquí, mentes non insultaba, da artimaña dos xogos dos tempos, e creo que o máis importante nesta vida é ter información; eu non lle vou chamar ignorante a ninguén, pero o caso é que en todos os debates de este formato, o presidente do goberno ten un tempo ilimitado e neste limitámolo, e neste concretamente, xuntando os tempos que utilizan o presidente e o grupo que apoia ao goberno son exactamente os mesmos que empregan conxuntamente os grupos da oposición. Facía referencia alguén a ese adestrador dun equipo que perde 8 – 0 e presume dunha falta que é a mellor tirada e do córner que foi o mellor centrado, e eu lle escoitei a esa mesa persoa, seguindo ese mesmo razoamento, que o seu é o partido independente que máis representación ten nunha capital de España, e me pregunto para qué vale iso, un partido inútil para os intereses de Ourense, non lle estou chamando a ninguén inútil, llo estou chamando á súa organización política: nin decisivo con dous, nin decisivo con oito, e penso que ao mellor tampouco sería decisivo con trece. Parafraseando a Nelson Mandela, este equipo, o do grupo de goberno, este equipo non perde: ou gaña, ou aprende, e creo que hai que sacar leccións para aprender, e creo que aprender é moi importante. Como dicía, me quedo co positivo, fundamentalmente co que dixo o portavoz do Grupo Socialista, estou de acordo en que esta provincia ten moitas fortalezas e moitas posibilidades; tamén é certo o que dicía de que non toda a responsabilidade é miña, é unha responsabilidade compartida e estou disposto a iniciar un camiño modernizador, no que sa estamos; dixo que non dubidaba da miña ourensanía, e eu tampouco dubido en absoluto da súa. Agradezo as achegas dos grupos políticos, sinceramente, e as propostas de resolución presentadas que serán obxecto de votación, especialmente aquelas que formula o grupo de goberno desta Deputación, que reflicten un compromiso moi forte pois contan co plus da responsabilidade, porque son do equipo que goberna, un equipo onde a delegación e a cooperación son as palabras que mellor definen a súa traxectoria. A nosa acción política vén definida por considerar á Deputación como

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2016

motor de transformación provincial. Toda a filosofía deste grupo político atópase incluída no Plan de mandato Ourense 15-19. Un goberno previsible, planificador e transparente. Lean ese programa de goberno. Un Plan no que xa se anuncia o que virá: O Plan Ourense 72-73 (son 7273 os quilómetros cadrados do noso territorio para o que vai enfocado o noso proxecto político), na lexislatura 2019-2023. É un plan de futuro, de ilusión, de impulso, de innovación, de intelixencia, de importancia, de inconformismo, de solidez. Un documento onde temos en conta o programa europeo 2020 e a chegada da alta velocidade. A nosa capacidade non queda só no Plan Ourense 15-19. Acabamos de presentar dez propostas de resolución. E vou anunciar agora, como corresponde neste tipo de debates, e porque sempre se fai a maiores, porque debe ser ilimitada a nosa capacidade propositiva porque a ambición é importante en política, como a audacia e a sorpresa, son conceptos clave. Estes anuncios que tradicionalmente explicita o presidente dun goberno nos correspondentes debates sobre política xeral, un debate no que toman a palabra todos os grupos políticos, isto non é o debate sobre o estado da Unión nin o debate británico de inicio dunha lexislatura, estas iniciativas que se van aprobar e as que vou anunciar marcarán a axenda dos próximos doce meses e constitúen tamén unha prioridade para este goberno. Vou falar de doce anuncios.

En primeiro lugar, en materia de innovación pública, un terreo onde non hai foro en España onde non sexamos convidados para falar das nosas propostas, poremos en marcha dende Ourense un Programa de Aceleración para a Innovación Pública.

Tamén, porque cremos en Ourense, seguiremos cooperando co goberno autonómico en materia de incendios forestais, non só con persoal e maquinaria cando suceden estas desgrazas, senón presentándolle un estudo sobre a xestión das franxas de biomasa por parte da Deputación, tendo en conta o establecido na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia.

Por iso, porque cremos en Ourense, imos seguir potenciando a autoestima fornecendo a Ourensanía coa edición dunha revista que levará por título “Vieiros da Ourensanía”, lembrando o título da Revista do Padroado da Cultura Galega de México.

Por iso, porque cremos en Ourense, e nunha zona do potencial agrario da Limia, en colaboración co Concello de Xunqueira de Ambía e coa Xunta de Galicia, poremos en marcha un proxecto de desenvolvemento rural da man dos agricultores da zona e con

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2016

preacordos, xa con axentes operadores no ámbito da comercialización e da distribución de hortalizas.

Por iso, porque cremos en Ourense, presentaremos un programa piloto de recuperación de vivenda cos concellos da Veiga e Oímbra.

Por iso, porque cremos en Ourense, seguiremos a ter un papel protagonista dentro das provincias europeas na asociación Partenalia, onde ostentamos a vicepresidencia, para poñer en valor a realidade provincial. E podo adiantar que nos primeiros meses de 2017, Ourense acollerá unha xuntanza do comité técnico de Partenalia.

Por iso, porque cremos en Ourense, sabemos do liderado da nosa provincia nun aspecto etnográfico fundamental como é o entroido en Galicia. E aproveitaremos esa circunstancia para promover conxuntamente a súa posta en valor e aproveitar o alto impacto turístico.

Por iso, porque cremos en Ourense, será 2017 o ano no que concretaremos a gran aposta por un dos produtos estrela da nosa gastronomía, a castaña, protagonista da nosa gran festa dos magostos. Mantendo o apoio ao Centro da Castaña de Riós, perseguindo do Goberno central a elección de Ourense - Riós para ese Centro Nacional que demandamos dende aquí, instando ao goberno de Galicia a potenciar todo o relacionado con este produto e a axudar e ir da man do consello regulador, que ten a súa sede nas dependencias do INORDE.

Por iso, porque cremos en Ourense, seguiremos apostando por vertebrar o territorio con medidas que atendan as necesidades e especificidades de cada concello e de cada bisbarra. Dende a elaboración dun plan de dinamización turística da Baixa Limia ata esa colaboración que ofrecemos ao Couto Mixto, pasando pola posta en valor de inmobles desta Deputación que están encravados en paraxes naturais de gran beleza, como poden ser os situados ao carón do encoro de Cachamuíña ou os que serviron na Arnoia de escenario para presentar La Vuelta Ciclista a España Ourense Termal - Madrid.

Por iso, porque cremos en Ourense, poremos en marcha a primeira bolsa de emprego sociosanitaria de ámbito provincial en España pensando nas ofertas que emitan as entidades locais da provincia, permitindo así maior transparencia e axilidade nos procesos de contratación públicos.

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2016

Por iso, porque cremos en Ourense, 2017 será o ano da primeira fase do centro tecnolóxico “Ourense intelixente”, un referente nacional en tecnoloxías aplicadas á administración e á comunicación cos cidadáns. Buscando a formación e o emprego tecnolóxico, a dinamización tecnolóxica das pemes ourensás e o emprendemento de proxectos tecnolóxicos.

Por iso, porque cremos en Ourense, ese Ourense capital das industrias culturais e creativas grazas á OURENSE ICC Week, anuncio en 2017 a elaboración do Plan Provincial de Turismo Creativo e Cultural para construír unha estratexia coherente que garanta a activación do turismo cultural e creativo da provincia para ser competitivos no mapa turístico nacional.

Por iso, este goberno, calquera bo goberno, non para. Agradezo as achegas de todos os grupos, serven para facer provincia, e a deputación segue facendo provincia. Adaptándonos aos tempos, en moitos supostos, adiantándonos. Como dicía Losada Diéguez, o xenio de Moldes, en Boborás: “temos a obriga de rexuvenecer a nosa actividade”. Somos conscientes de que o facemos todos os días. El falaba de “mocidade constante” e de “renacemento todos os días”. Cada día máis forza. A iso nos convocaba Losada Diéguez e a iso os convoco a vostedes. Por Ourense. ¡Moitas grazas!

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG: moitas grazas, Sr. Presidente. Falaba vostede agora nesta intervención de votos, eu dígolle simplemente que os votos non branquean nin a xestión, nin a corrupción, nin o caciquismo. Dende logo, hai que ter pouca memoria ou carecer de vergoña para falar do caso Carrumeiro, que afectou a un ex – conselleiro do BNG, que, por certo, dimitiu antes de ser imputado, e digo que hai que ter pouca memoria ou pouca vergoña para que o fagan os da Gurtel, os da Púnica, os da Pokémon, co administrador do PP que denunciou o financiamento irregular do seu partido e os herdeiros dos inhabilitados. Falaba tamén vostede do período breve, dende o noso punto de vista, do BNG nas responsabilidades da Xunta, e dende logo neses tres anos e pico sentáronse as bases para que realmente as cousas cambiaran, e se algo temos que lamentar é que non tivese a continuidade que levan tido vostedes nese goberno, máis de trinta anos ou practicamente toda a vida, porque seguramente entón a situación que expuxen na miña primeira intervención non sería hoxe a que é. E dende logo non me estraña que non lle guste o diagnóstico que fai o BNG, porque é o diagnóstico real desta provincia, son

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2016

números, como antes se dicía polo portavoz de DO, diante dos números non hai nada que opinar ou que debater. Deixei para esta segunda intervención, porque na primeira ao final non tiveron tempo, as propostas en positivo que temos nós para esta provincia, e teño que poñer en valor o traballo do noso grupo, que presenta unha serie de medidas, como dixen antes tamén, razoadas, cunha folla de ruta, explicadas, concretadas e con orzamento. E son medidas que van aos problemas que denunciei na miña primeira intervención, medidas que pretenden buscarlle unha solución ao tema do emprego, tal como o temos agora, ao tema da emigración, da perda de poboación, da comunicación e dos medios de comunicación e infraestruturas da nosa provincia, da cooperación cos concellos para que esta institución sexa realmente unha axuda para os concellos pequenos da nosa provincia. E como tamén anunciei na primeira intervención, vou a pasar agora mesmo a enuncialas e explicalas brevemente, e despois tamén farei algunha referencia a unha cousa en concreto das propostas que nos presentan os nosos grupos. A nosa primeira proposta de resolución era un plano de emprego plurianual dotado con 12 millóns de euros, que ía dirixido a concellos, iniciativas empresariais e mozos desempregados. Aí propoñemos subvencionar aos concellos a contratación de traballadores que sexan demandantes de emprego nos distintos concellos, e que se contraten para a realización de traballos necesarios para a prestación de servizos municipais, e dende logo se se lle propón isto a calquera dos alcaldes desta provincia eu creo que non lle parecería en absoluto mal; unha segunda liña de iniciativas empresariais, para premiar as mellores iniciativas empresariais, con dúas categorías, de 50.000 euros cada unha, que recoñecesen novas iniciativas entre os empresarios e emprendedores, as pemes, microempresas, etcétera...; e unha iniciativa que é fundamental destinada a mozos e mozas desempregados coa convocatoria de bolsas laborais en empresas privadas da provincia cunha dotación de 6 millóns de euros para que tiveran acceso ao seu primeiro postos de traballo e ao mercado laboral. Despois tiñamos unha segunda proposta de resolución para apostar realmente polos sectores produtivos, cunha liña para poñer en aluguer os predios que esta Deputación ten na Limia, cousa que xa expuxemos neste mesmo plenario, cunha cesión á Xunta ou outras entidades locais das granxas coas que conta a Deputación na actualidade, cunha reconfiguración do papel do Instituto do Campo, cun plan de promoción dos produtos das distintas denominacións de orixe e a aposta pola creación de novos modelos de comercialización, unha posta en valor do recurso do monte

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2016

dende unha perspectiva multifuncional, para acabar coa lacra dos incendios e realmente tirar unha rendibilidade a un patrimonio que temos aí abandonado e que podería ser unha fonte de riqueza; unha aposta polo sector vitivinícola, cunhas partidas específicas para a axuda a implantación de variedades autóctonas, concretamente no Ribeiro, substituíndo as variedades xerez ou palomino por variedades autóctonas, instar á Xunta a que a través da Mesa do Viño estableza contratos homologados e que a concesión das axudas se condicione á súa sinatura; deseñar un plan de promoción no que, primando a calidade, o produto final sexa un no que se poña en valor o modelo produtivo, sobre todo no caso da viticultura heroica da Ribeira Sacra. Unha terceira proposta é a dun plan de mobilidade onde a Deputación colabore cos concellos na súa elaboración, e que a Deputación demande con carácter inmediato a posta en marcha do transporte metropolitano que é tan necesario para vertebrar a comunicación entre a cidade e os concellos a periferia, e que se coas entidades municipais que conten ou queiran contar con proxectos municipais de mobilidade intramunicipal, para garantir o dereito á mobilidade dos seus veciños e veciñas, cunha colaboración que será tanto de índole técnico e de asesoramento legal, como económica. Propoñemos tamén a modificación da RPT e a creación dun área integral de cooperación municipal, que de xeito transversal se encargue da coordinación cos concellos en todas aquelas cuestión que sexan da súa competencia, para evitar, entre outras cousas, que por parte dos responsables municipais se teña que andar peregrinando nesta casa, de negociado en negociado, para resolver calquera cuestión. Unha quinta cuestión é relativa á política fiscal, que tamén levamos demandando reiteradamente, que sería a eliminación da porcentaxe do 5 % que actualmente está a cobrar a Deputación aos concellos pola xestión e cobro dos distintos tributos, cousa que seguramente lle agradecerían todos os alcaldes. Unha proposta de resolución nº 6, en participación e transparencia, que tamén levamos reiteradamente demandado, coa creación dun Consello Provincial de Participación Cidadá, coa posta en marcha dun proceso participativo para a elaboración dos orzamentos e darlle voz real á veciñanza establecendo canles axeitadas para a participación nos mecanismos de que se dotou esta Deputación, e estou a falar nomeadamente das comisión informativas e dos plenos. Unha proposta nº 7, un plan de infraestruturas e actividades culturais e deportivas para coordinar estes aspectos a nivel provincial e que non pase como agora, que ás veces parece que da a sensación de que deputación e concellos se contraprograman á

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2016

hora de planificar este tipo de actividades. Unha proposta nº 8 propón a recuperación dos procesos de xestión pública e a paralización dos procesos de privatización, entendemos que a prestación dos servizos debe ser dende o ámbito do público e solicitábase que o Sr. Presidente manifestase publicamente a decisión de desistir na adxudicación da xestión do Consorcio Provincial, así como previsibles adxudicacións do lixo ou do Servizo de Vías e Obras. A proposta nº 9 é un plan provincial de cooperación, dotando con 5 millóns de euros máis este plan pola vía do remanente de crédito, co que garantiríamos unha cantidade mínima de 100.000 euros para que os concellos puidesen dedicalos a obras. Finalmente, a proposta nº 10, de infraestruturas viarias, na que propoñen dúas cousas, iniciar conversas coa Xunta para o traspaso da rede viaria de titularidade provincial e que, en todo caso, en tanto isto non se concrete, se aprobe un plan plurianual en base a criterios de prioridade fixados polos técnicos para actuar nas distintas vías provinciais. E nós pensamos que todo isto se podería facer, e por iso facemos a proposta do orzamento, e de ónde saírían os cartos, e cartos hai e cartos se poderían destinar para poder poñer en marcha todas estas medidas: cartos procedentes das subvencións nominativas, dos remanentes de tesourería de que tanto presumen e da modificación dalgunhas outras partidas que darían suficiente para poder financiar todas estas propostas en positivo, repito, que traíamos aquí. Xa para rematar, con respecto ás propostas dos demais grupos, e como ao final decidimos na Xunta de Portavoces que non habería intervencións na fase da votación, simplemente anuncio que o noso criterio vai ser optar pola abstención, especialmente nas propostas que están sen definir, ou que son inconcretas, ou que poderíamos seguramente coincidir en moitas delas pero que non son responsabilidade desta deputación ou como digo non concretan cal sería a súa posta en práctica, e si anuncio que o noso voto en contra vai ser para a proposta nº 6 do PSOE, en materia de benestar social, porque entendemos que esta é unha competencia da Xunta, e a Deputación está asumindo unhas competencias que non lle corresponden; e con respecto ás propostas do propio Grupo Popular imos votar tamén en contra a proposta nº 6 de igualdade, porque como xa dixen na miña primeira intervención parécenos unha tomadura de pelo que dada a situación que temos nesta casa se nos fale dun Plan de Igualdade e de cumprir o Código Ético cando aínda non temos reelixido ao Comité de Ética que dimitiu pola imputación ou investigación do Sr. Presidente. E despois, con respecto ás propostas de Democracia Ourensana pois tamén imos a aplicar o mesmo criterio, e hai

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2016

algunhas cousas que si poderíamos estar de acordo, pero ou ben porque son inconcretas e non sabemos ou non se nos explica cal sería a forma de poñelas na práctica, ou ben porque son competencias doutras institucións, optaremos pola abstención, e en todo caso, na proposta nº 6 de revitalización da estación de Manzaneda, aí o que reclamamos, como tamén se leva feito reiteradamente, é unha xestión pública dos recursos, sobre todo tendo en conta que levamos inxectado cantidades inxentes de caros nesa estación e a xestión segue a ser privada. Despois, hai unha proposta que é a do plan de turismo de lecer no verán na provincia de Ourense e a creación dun parque termal, non o vemos mal, en todo caso hai amén un anuncio e un compromiso da Xunta e o que reclamariamos sería en todo caso que a Xunta fixera efectivo ese compromiso que ten agora mesmo sobre a mesa. E nada máis. Como dixeron, a situación está clara para todos, e é a que é, e nós, dende o Bloque Nacionalista Galego temos un diagnóstico, un diagnóstico no que coinciden os cidadáns, os veciños e veciñas da provincia, e as prioridades son as que todos temos enriba da mesa, e nós en todo caso propuxemos accións concretas, claras, que se poderían levar a cabo e que dende o noso punto de vista si contribuirían a modificar a situación e a un cambio de rumbo ante os problemas graves que temos, e que hoxe debatemos aquí. Nada máis, moitas grazas.

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:

hola, sí, nada, vamos a utilizar esto del atril por varios motivos, uno de ellos es porque acopla el micro, y otro también por probarlos, y ya tenía ganas de verles de frente, además ya está ajustada la altura, la del presidente Baltar e iba a intervenir Plácido, entonces ya está ajustada y no hay que hacer historias, porque si no me tendrían que poner aquí una banquetita. Me contaron que una vez fue a dar Baltar un *speech* con un atril de estos, y se lo habían puesto a otra altura, y no le habían puesto el cajetín que tenía el padre, y entonces se tuvo que poner un diputado debajo, de los que están aquí, no voy a decir el nombre, pero de los que están aquí. Ah, como tengo a tres diputados del PP a mi espalda, pido a los de Democracia Ourensana que me avisen si me van a hacer algo, de todos modos es bueno que se vayan acostumbrando a verme la espalda porque Democracia Ourensana los va a pasar pronto en el Concello de Ourense. Antes estaba haciendo Baltar lo que se llama en lógica falacia de la falsa analogía, que él decía que nosotros dijimos que Democracia Ourensana es el partido independiente con más concejales de España, y hacía referencia a los logros de él, que yo también me burlaba de los logros de él, claro, yo me burlaba del sistema de

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2016

medición, en el fútbol se utilizan goles, no se utiliza el contraataque más rápido, por ejemplo, que es lo que utiliza él en política, por ejemplo, lo que dijo antes, vamos a hacer el turismo creativo cultural, qué es eso del turismo creativo cultural, Ourense es una de las últimas provincias en turismo de España, ha sido así en los últimos treinta años y posiblemente lo siga siendo en los próximos diez, entonces este rollo del turismo creativo – cultural es un rollo que se saca él de la manga para salirse de los estándares de medición, sin embargo lo de que DO tiene 8 concejales y es el partido independiente de España con más concejales en una capital de provincia no es salirse de los sistemas de medición, son los votos y concejales, se mide así el éxito en política, con lo cual nosotros utilizamos un sistema de medición correcto, no andamos con rollos, ahora imagínate que dijéramos, hemos tenido los votos más masivos en urna antes de las diez de la mañana, eso sería un rollo tipo Baltar, estas paranoias que hace él, o sea, turismo creativo – cultural, la ICC Week, ya diremos datos de la ICC Week. Pero fijaos en un dato importante de José Manuel Baltar que es lo que refleja quién es, ha estado hablando todo el rato y durante todos los años que lleva aquí de ourensanía, y de que va a hacer una expedición americana para revitalizar las empresas de Ourense, ourensanía, las empresas de Ourense, todo el rato con ese rollo, somos los mejores, los más competitivos. ¡Carallo, pero cuando tuvo que ir ahora al juzgado para defenderse de un acoso sexual trae un abogado de Madrid! No trae un abogado de Ourense, ni siquiera trae un abogado gallego, trae un abogado de Madrid, ¿dónde está ahí la ourensanía, y defender las cosas de Ourense? No, cuando veo las orejas al lobo cojo al que yo creo que es el mejor, y a los abogados de Ourense que lles den polo cú. Esta es la realidad de este mentiroso y fantasma que está aquí detrás de mí. A la hora de la verdad, va a Madrid, y seguramente, cuando le pregunté antes si tenía sobornos y si los invertía, seguramente si los tiene no los invierte en Galicia, los va a invertir fuera, encima. Decía entonces antes que si él lo está haciendo tan mal por qué la gente le vota, si es que la gente no sabe votar, también te hago yo la otra pregunta, utilizando un poco de demagogia, si la cosa está tan bien, ¿por qué la gente emigra? Pero tú sabes muy bien, José Manuel Baltar, que la gente no te vota a ti, porque tú no te presentas, es una votación indirecta y la gente vota a los concellos, a Feijoo, a Rajoy, al PP, tú nunca te presentas, la gente no vota en clave Ourense, nunca hubo unas elecciones a la provincia de Ourense, hay elecciones municipales, si hubiera elecciones a la provincia de Ourense y se presentase esa persona

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2016

habría que ver, con el sistema de medición real, no con el sistema de medición Baltar de trapalladas, cuanta gente le vota. Habló antes también de un plan quinquenal, que esto me recuerda los planes quinquenales de la URSS, pero no por hacer un plan quinquenal está mal hecho, si dijese esos estaría yo también haciendo una falsa analogía. Bueno, nada más, simplemente que decir que los logros de él, eso que dice de que ahora le invitan a todas las reuniones cuando hay algo de I+D en España que lo invitan y tal, siempre está con temas que no tienen nada que ver con los números fríos que son los que dan la realidad. Democracia Ourensana ha hecho las propuestas, que no se las voy a repetir porque ya las conocen, de las últimas elecciones autonómicas porque en las últimas elecciones autonómicas presentamos unas propuestas sólo de la provincia de Ourense, porque Democracia Ourensana sólo defiende la provincia de Ourense. Obviamente, en estas propuestas vamos a estar a favor. En todas las demás propuestas nos vamos a abstener porque este es un debate en formato trampa que nos trae aquí José Manuel Baltar, porque es solamente un debate para su lucimiento, y no tiene sentido votar cuarenta propuestas cuando se dedica un pleno ordinario para votar sólo dos propuestas, entonces nosotros, para votar treinta propuestas de la oposición, necesitamos estudiarlas como Dios manda, hablan por ejemplo de una zona franca, y una propuesta de esas necesitaría dos o tres días de estudio, para realmente ver los pros y los contras, y si eso se multiplica por treinta propuestas, son noventa días, es decir, yo les invito a traer estas propuestas a lo largo del año, pero traerlas aquí porque se le ocurre a este tipo simplemente para venir a dar un *speech* y presumir, nosotros no vamos a entrar en ese juego. Las propuestas muchas son vagas e imprecisas, y no tiene sentido votarlas todas juntas en un día, porque esto da para todo el año. Pero me llama la atención cómo el PP nos ha anticipado (aunque nos ha dicho que a nosotros no nos va a votar ninguna propuesta, aunque después ya se ve en el periódico, salen hablando muchos de ellos dándonos la razón, que es realmente lo que importa, esto me recuerda por ejemplo a la Holanda del 74, la Naranja Mecánica, no ganó el Mundial pero realmente a la que se recuerda es a aquella Holanda, pues nosotros igual, no ganamos las elecciones pero de lo que se habla es de nuestras propuestas) me llama la atención digo, porque el PP al PSOE le va a votar a favor en 8 de 10 propuestas, entonces nosotros nos preguntamos si esto tiene que ver con el cambio de portavoz, si ustedes han estado detrás del cambio de portavoz, si es la forma de premiar que han conseguido el

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2016

cambio de portavoz, y si esto tiene que ver con lo que está sucediendo en Madrid y lo que parece que va a suceder aquí, que sólo falta decirles ¡que se besen, que se besen!, y si esto tiene que ver con lo que está pasando en el Concello de Ourense donde el PSOE le ha venido al PP con una propuesta de 12 de millones de euros para hacer obras y donde es el que le va a sacar adelante el PXOM y todo lo que haga falta. El otro día salía Pachi Vázquez hablando en Auria TV y decía que el Concello de Ourense está sin gobernar, Pachi Vázquez no se entera de nada de la política local, porque el Concello de Ourense está perfectamente gobernado, porque para cualquier cosa que le haga falta sacar adelante al alcalde llama a Barquero y lo tiene hecho, como ha ocurrido hasta ahora. Nada más, y gracias por su atención.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: moitas grazas, eu quería centrarme nesta segunda intervención no relato das propostas, pero non vou deixar pasar sen facer alusión a algúns comentarios. Se nos acusa de caer no victimismo, e nada máis lonxe da realidade, nós o que queremos reflectir é a situación real desta provincia, o que non se quere ver. As cifras son as que son, aí están, levamos gastado ano tras ano millóns e millóns de euros nos orzamentos, e os datos estatísticos á vista está que non melloran, algo estaremos facendo mal, e sobre todo quen ten a responsabilidade de gobernar. Hai que lembrar tamén, e xa o aclarou quen me antecedeu no uso da palabra, que os votos dos que vostede se gaba de pouco lle serven a esta provincia, porque seguemos indo a menos, pero eses votos non son seus, non hai unha elección directa do presidente da Deputación, os votos llos da a cidadanía aos seus alcaldes, aos que vostede lles reparte, de xeito bastante discrecional e discriminatorio cos concellos que non son seus, fondos públicos para seguir mantendo esa rede clientelar. Lonxe do victimismo, nós cremos que esta provincia ten potencialidades, pero como non rachemos coas súas políticas o futuro vai ser bastante negro. Con respecto ás nosas propostas, xa anunciamos onte, e non vou entrar no detalle de todas elas, que basicamente van en dúas liñas: unha, convenios de cooperación cos concellos, no eido do medio ambiente, no que é preciso reformular o convenio marco para a prestación de asistencia técnica para limpeza, baleirado e xestión de lodos de foxas sépticas, para facelo máis atractivo aos concellos; tamén é preciso, para fuxir dese reparto clientelar e discriminatorio das axudas, que co remanente de tesourería se elabore un plan adicional de obras que se destine a tódolos concellos de menos de 20.000

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2016

habitantes, onde os concellos, en virtude da súa autonomía municipal, poidan decidir as obras que estimen oportunas e saiban os fondos cos que contan, sen necesidade de vir en peregrinación á deputación para asinar un convenio. Tamén falamos da necesidade de crear unha rede provincial de concellos termais, porque é necesaria a efectiva implicación dos concellos no día a día e a súa participación, cun sector termal que ten que ir máis alá de anuncios. Tamén pensando nos concellos queremos que con respecto á xestión do ciclo da auga se incremente e se impulse a creación de redes de concellos limítrofes que garantan unha boa xestión dos seus recursos hídricos, e procuren eficacia e eficiencia económica. Hai que ter en conta que as concas hidrográficas e a orografía non entenden de límites municipais. Tamén, no que respecta a programas en funcionamento, no caso do benestar social e no caso das axudas á empregabilidade, é preciso ampliar as axudas que se destinan aos concellos, debido, no caso do benestar social, á cantidade de poboación avellentada e dependente que temos na provincia, e no caso do emprego ás cifras de desemprego que hai hoxe na provincia, e tamén para fixar poboación. Seguindo coa administración local, é precisa a creación dunha comisión, na que participen expertos de administración local, que elabore un documento con propostas de reforma da lexislación de réxime local, tanto autonómica como estatal. A aprobada polo seu partido, hai uns anos, Lei de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, levounos xusto ao contrario do que se pretendía: un ataque como o que se teñen visto poucos á autonomía municipal. Queremos tamén un plan da rede viaria provincial, no que, máis aló do necesario mantemento e conservación, se determinen as necesidades das vías, en colaboración cos concellos e atendendo ás necesidades destes, é dicir, pasar da política de parches para unha política integral coas vías provinciais. E tamén, como non, falamos da necesidade de que a Deputación se implique activamente para que o AVE chegue a Ourense con todas as infraestruturas contempladas, incluíndo a estación intermodal e a solución definitiva para o tramo Taboadela – Ourense, e que a Deputación adquira o compromiso de instar ao goberno do Estado á recuperación dos fondos non executados en exercicios pasados e presentes, así como a inclusión dos investimentos necesarios nos vindeiros orzamentos para 2017, co obxecto de acadar os obxectivos marcados e que a alta velocidade sexa unha realidade sen renuncias. Basicamente, estas son as propostas que presentou o PP, perdón, o PSOE, para este debate (disculpen este *lapsus linguae*, non vaia ser que alguén pense que

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2016

Ile damos a razón ao Sr. Jácome no que non foi máis que unha ocorrencia). Con respecto ás propostas das outras formacións políticas, vou falar un pouco de cal vai ser a nosa postura. Nas do PP lamentamos non poder apoiar a primeira, a do sector vitivinícola, porque cremos que o que hai que potenciar precisamente son as feiras xa existentes nas catro denominacións de orixe da provincia, e non creando unha nova feira que poida competir con elas. Nos aquí queriamos apostar polo apoio ás rutas dos viños, e ir polo camiño do enoturismo. Imos apoiar a segunda, na cooperación cos concellos. Na terceira, ímonos abster, no das enquisas, porque descoñecemos a súa metodoloxía. Tamén nos imos abster na catro, a de termalismo, na cinco, a dos montes veciñais en man común e na décima, a zona franca de Ourense, e a razón e que non puidemos negociar as emendas que queriamos facer. Imos apoiar a sétima, a de cultura e patrimonio, e a novena, a do Día das Letras Galegas 2017, dedicado a Carlos Casares. E non podemos de ningunha maneira apoiar a sexta, a de igualdade: elaborar, tendo en conta os postulados e a filosofía do Código Ético e de Conduta, un Plan de Igualdade propio da Deputación de Ourense. Nós non queremos entrar, nin imos entrar, en cuestións de índole persoal: non é o noso estilo nin o vai ser. Pero, dende logo, parécenos esta proposta unha broma de mal gusto. Entendemos que non hai lexitimidade, dende o punto de vista ético, nin de igualdade, nin da conduta, nin moito menos de exemplaridade, para propoñer esta cuestión aquí, cando todos somos coñecedores das noticias que hai. Si apoiaríamos que dende esta deputación se abrise unha liña de axudas para que todos os concellos da provincia tivesen o seu plan de igualdade. Con respecto ás dos outros partidos políticos, do BNG imos votar a maior parte delas, e absteremos nalgúñas, por exemplo, na primeira, no de emprego, porque veñen vairas liñas de acción, e hai unhas coas que estamos de acordo pero hai outras que non, e como non as podemos votar de xeito separado ímonos abster. Na segunda ímonos abster tamén, a terceira ímola votar a favor, a cuarta tamén, a quinta ímonos abster, a sexta a favor, a sétima ímonos a abster e na décima tamén, e nas outras dúas, oitava e novena, imos votar a favor. Con respecto a Democracia Ourensana, antes de nada teño que dicir que benvidos ao “instamento” do que tanto nos acusan ao resto de formacións políticas, porque en varias das súas propostas recorren tamén a instar a outras administracións. Pese a todo, nós, a diferenza do que fan vostedes, ímolas apoiar, así que na primeira ímonos abster, na segunda votaremoslle a favor, pero non estamos de acordo coas producións gandeiras intensivas,

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2016

que como é sabido, causan graves problemas de contaminación, sobre todo, como sabe o portavoz do PP, na Baixa Limia, e votariamos a favor doutras partes desa proposta, pero como hai que votala conxuntamente, ímonos a abster. Imos votar a favor do plan para a defensa e aproveitamento do monte ourensán, para a implicación non desenvolvemento tecnolóxico, todo o que sexa a favor do desenvolvemento desta provincia ímolo votar a favor, pero non imos votar a favor de ocorrencias como é a quinta, do gran parque acuático termal. Votaremos a favor, como xa adiantamos, da revitalización da estación de montaña de Manzaneda, aínda que teñamos as nosas reservas en canto ao financiamento e implicación da Deputación. Votaremos a favor do plan de mellora das infraestruturas viarias da provincia, a eliminación das listas sanitarias tamén a apoiaremos, como non oía ser doutro xeito, e con respecto á nove, votariamos a favor se os xeriátricos fosen públicos, como non se aclara se son públicos ou privados, imos votar que non. E na décima, a da praza de abastos de Ourense, ímonos abster, porque entendemos que iso é competencia do Concello de Ourense. Pouco máis teño que engadir, só unha cousa, Sr. Jácome: lamento ter que dicirlle que non lle vou dedicar tempo ás súas ocorrencias. Nada máis pola miña parte.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: Sr. Presidente, hoxe, a diferenza doutros plenarios, non me toca a min debater nin moito menos replicar aos voceiros da oposición, aínda que deber o debería facer, pero o desenvolvemento do pleno non o permite en certa medida, se ben, e llo digo con tódolos respecto, algúns dos argumentos que se escoitaron aquí máis ben parecen ocorrencias, frase que utilizo moitas veces, e a verdade é que moitas delas cansinas e aburridas, eu diría que sempre a mesma letra variando un pouco a música. Nós, a diferenza de todos vostedes, como xa avancei na miña primeira intervención, contamos cun proxecto de provincia, guste ou non guste, escrito – e o remarco – escrito e a total disposición de tódolos cidadáns. O plan de acción 15 – 19 co que se presentou ás eleccións Manuel Baltar é un plan innovador, dinámico, aberto e garantista, con vocación de servizo, e así o recoñecen, e o recoñeceron, os cidadáns desta provincia proceso electoral tras proceso electoral, que parece ser que vostedes non lle dan mérito ningún a que se ganen as elección, porque din que o voto non o é todo, debe ser cando non lles vai ben. As nosas liñas de actuación, como non podía ser doutra maneira, están orientadas a seguir loitando por conseguir un futuro para a nosa provincia de cohesión social dentro do crecemento económico que xa estamos percibindo, froito, iso si, do esforzo

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2016

e tamén do sacrificio de todos e, como non, orientadas tamén á creación de emprego para os nosos concidadáns na medida en que o permitan as competencias e os recursos económicos dos que dispomos. E remarco a palabra competencias, Sr. Rodríguez Suárez, da a impresión de que a vostede lle pasaron o discurso sobre o estado da autonomía, e o trasladou aquí, falo de competencias, esta deputación ten as que ten, e logo os recursos económicos que temos, aínda que vostede diga que temos moitos cartos. Os plans de actuacións de vostedes, e digo vostedes en xeral, as súas liñas estratéxicas de actuación para esta provincia, refírome aos tres grupos, para que non haxa dúbida, ¿cales son?, ¿onde as podemos examinar, nós e os cidadáns desta provincia? Señoritas deputadas e deputados da oposición, con tódolos respectos, como fago sempre, pero con toda a claridade e contundencia: non se pode pretender mellorar o presente e o futuro desta provincia con esa visión apocalíptica, Sr. Rodríguez Suárez, con argumentos cansinos, de sempre, coas tres ou catro ocorrencias que o oportunismo político de cada momento lle aconsella, así non se fai provincia e moito menos se pode mirar ao seu futuro. Dispoño de pouco tempo, xa se dixo aquí, pero isto é a norma deste plenario, pero quixera rematar a miña intervención referíndome a algunhas das propostas dos grupos da oposición. En relación co PSOE, non vemos a novidade - e non nos vamos a bicar, Sr. Pérez Jácome - nas propostas do PSOE, que entendemos se limitan a formular cambios en liñas de actuación que xa están en marcha, como reformulación de convenios, ampliacións de plans e dotacións orzamentarias, comisións para abordar asuntos que non están agora na axenda das administracións autonómica ou estatal, ou instar, sempre instar, desta volta ao Goberno central, cando un partido como o PSOE ten os seus representantes, parece que cada vez menos, no Congreso, para levar asuntos como o que propoñen co AVE, sen que isto signifique, baixo ningún concepto, que nós renunciemos, quede claro, a que Ourense teña o AVE canto antes e nas condicións merecentes. Podería dicir o mesmo do termalismo, porque se alguén está a afondar no potencial termal da provincia, máis aló da súa asociación coa área de benestar, esa é a Deputación, e parecen esquecerse de iniciativas como o termalismo deportivo ou da participación en entidades internacionais fundamentais para nos facer visibles neste campo, como a presenza na Asociación Europea de Cidades Termiais Históricas. E aínda así, temos que dicilo, congratulámonos de ver que tamén vostedes entenden que o sector forestal é unha boa oportunidade de desenvolvemento para a nosa provincia. E, polo tanto, adiántolles, Sr.

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2016

Fraga Civeira, que apoiaremos oito das dez propostas que nos presentan, recordo, o dobre que no ano 2014, e isto non significa que nos vaíamos bicar, Sr. Pérez Jácome. Observamos, iso si, que a linguaxe cambiou, xa non aparece a verba esixir, aparece instar, e diría eu que gañamos en institucionalidade. E non apoiamos dúas das súas propostas, ás que me refiro brevemente: a proposta nº 2, do plan adicional de obras, porque iso suporía que estamos teledirixindo o uso do remanente de tesourería futuro (podemos dicir que vostedes xa saben que xestionamos ben, porque aventuran que imos ter un bo remanente de tesourería); e a proposta nº 8, referida ao plan de empregabilidade, porque si a apoiáramos estaríamos comprometendo a viabilidade do plan, e duplicar a cantidade é unha cuestión demasiado complicada, pois parece que nos limitamos a ser un caixeiro automático, e nese campo hai outras administracións que poden axudar e por suposto, os concellos, na súa autonomía municipal, deben priorizar e facer algo tamén neste campo. Con respecto ás propostas de Democracia Ourensana, sorprende, e permítanme a ironía, Sr. Pérez Jácome, Sr. Ojea, sorprende a capacidade de traballo que ven de amosar DO coas súas propostas de resolución, aínda que máis que sorpresa debo confesar que o que xera é preocupación pola total falta de interese que mostra este grupo. Este documento que lles vou a amosar é unha imaxe do programa de Democracia Ourensana, é o programa electoral presentado por DO ás recentes eleccións autonómicas e coincide na súa práctica totalidade coas propostas de resolución que vostedes traen a este pleno salvo, iso si, dúas cuestións que exceden as competencias desta institución, como as relativas aos idiomas do sistema educativo ou, contraditoriamente, á eliminación do poder político das deputacións. Cando menos, algo si traballaron para borrar eses dous puntos do seu programa e opara engadir outros dous que non obstante tamén hai que collelos con pinzas. Por unha banda, a estación de montaña de Manzaneda, para a que pide a súa revitalización e o fomento de actividade de inverno, imos ver, se a Deputación de Ourense, ao igual que a Xunta, aumentou a súa participación no accionariado de MEISA ata 49,45 %, é evidentemente, para seguir a traballar pola única estación de montaña de Galicia e, entre outros aspectos, polo proxecto de innivación que permitirá contar con máis de vinte canóns de neve artificial, que fará posible contar con ata 120 días anuais de neve, isto xa se tratou neste plenario, e por iso non entendo se esta proposta que fan vostedes é por falla de información, ou por encher ou pura ironía. En canto ao parque náutico do que falan unha e outra vez, vostedes se arrogan a idea, pois ben,

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2016

vostedes falaron disto por primeira vez alá por marzo do ano 15, eu lémbrolle que en febreiro do ano 14 o Plan Termal Provincial da Deputación de Ourense e a Xunta de Galicia fala diso, e moito antes, no ano 2007, o Plan Estratéxico Termal do Concello de Ourense tamén fala diso, díggollo para que o teñan en conta. Por outra parte, Sr. Pérez Jácome, non sei se pensar que a vostede non lle importa en absoluto o que aquí se faga, xa que no último pleno quedou ben claro que esta deputación non pode adoptar ningunha resolución ou acordo sobre un espazo no que carece de competencia por non ser da súa propiedade, e estou a falar da proposta que nos fai da praza de abastos da Ponte. A súa proposta, máis ben, parece unha copia do que nós recollemos no Plan Ourense 15 – 19, dado que é unha competencia do Concello de Ourense e vostede debería saber mellor ca min que se está seguindo un procedemento determinado para a súa explotación, e vostede o debería saber mellor ca min, polo tanto, adiántolles que votaremos en contra das súas propostas. En relación co BNG, hai que recoñecer que o representante do BNG, Sr. Rodríguez Suárez, si fixo os deberes para este pleno, cun documento de propostas moi completo, ata o punto de reorganizar, iso si, as contas da Deputación. Estamos ante unha auténtica carta aos Reis Magos, nótase que ven o Nadal. As tres propostas que nos fan, no seu conxunto, roldan os 30 millóns de euros. Sr Rodríguez Suárez, ¿de onde se quitan os cartos sen facer a demagogia que vostede fixo? Coincidimos na necesidade de xeras as condicións precisas para favorecer o aumento do emprego, cuestións nas que esta deputación ven de colaborar con plans de empregabilidade nos que se atenden as peticións dos concellos. Lembre, Sr. Rodríguez Suárez, aquilo da autonomía municipal que eu tanto invoco, será porque eu xa levo moitos anos de alcalde e vostede aínda non. O mellor premio ás iniciativas empresariais é ofrecer as máximas facilidades e apoio a aquelas persoas que desexen pór en marcha unha empresa ou negocio, por iso nós propoñemos colaborar activamente con entidades especializadas no ámbito do emprendemento como a Cámara de Comercio, xa o dixen anteriormente. Propón vostede unha aposta polos sectores produtivos, pero en realidade o que está vostede a propoñer é unha reorganización do patrimonio agro – gandeiro desta Deputación, eu non vexo a aposta da que fala polos sectores produtivos, cando só cita os que contan con denominacións de orixe, entre eles o viño que xa conta cun apoio específico para a súa internacionalización, un importante xeito máis, por certo, de comercialización da que vostede fala. Fala vostede tamén dun plan

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2016

provincial de mobilidade a elaborar por parte desta deputación, incorrendo, claro está, na duplicidade de esforzos cando a Xunta de Galicia ven de anunciar a súa aposta clara e firme pola implantación dun sistema de transporte a demanda, que favoreza a mobilidade da poboación do rural, ou os pasos en firme, que xa está dando, para a posta en marcha do transporte metropolitano, á marxe dese bloqueo que o Grupo Socialista e Democracia Ourenzana me da que están a facer no Concello de Ourense. Recórdolles que o Plan Ourense 15 – 19 prevé a implantación do transporte a demanda, e eu convidaríaos a que leran con máis atención ese plan co que o Sr. Presidente, Manuel Baltar, se presentou ás eleccións, e que por suposto nós, o seu equipo de goberno, facemos noso na súa totalidade. No tocante á política fiscal e á eliminación do 5 % que cobra a Deputación pola xestión tributaria e recadación dos tributos municipais, lémbrolle que esta taxa está pensada para cubrir custes, pero nunca para obter beneficios, como así establece o artigo 24.2 da Lei de Facendas Locais. Non é unha taxa elevada, tendo en conta que, a diferenza doutras institucións provinciais, esta porcentaxe aplícase a un amplo paquete de servizos, que non só inclúe a recadación, senón tamén outros aspectos relativos á xestión tributaria que son moi importantes. En canto á transparencia, a Deputación de Ourense é un referente nacional en materia de transparencia e participación, xa sei que non lles gusta escoitalo, pero é así. O Plan Ourense 15 – 19 prevé novas actuacións que seguirán situándonos á vangarda dos gobernos provinciais. En definitiva, aprobaremos a súa proposta referida ao plan provincial de mobilidade, pero non entendemos para qué fan falla eses dous millóns de euros aos que vostede fai referencia na mesma. Coas demais propostas da a impresión, Sr. Rodríguez Suárez, que o que pretenden, como vostedes non cren nas deputacións – agás onde co – gobernan, aínda que agora en Lugo creo que xa non están – máis ben pretenden baleirar a deputación. Para nada teñen en conta os intereses xerais da provincia. Moitas grazas por todo e alédome de que este pleno discorrera en termos de elegancia e respecto entre todos. Moitas grazas.

Don José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación: moitas grazas de novo polas intervencións, nesta brevísima quenda de peche quero agradecer a participación de todos, e ese esforzo por formular propostas que vaian a prol do progreso socioeconómico da provincia. Serviu esta segunda quenda para ver – e iso que está en calquera manual non escrito – a facilidade que teñen algúns voceiros para o que

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2016

popularmente se entende como “picarse”; o voceiro do Grupo do BNG, ao que na miña anterior intervención deslicei unha palabra, Carrumeiro, respecto da que posiblemente a maior parte do público non sabía do que estábamos falando, nos explicou de qué falaba; outro voceiro falaba de ourensanía e facía un *chascarrillo* con non sei que cuestión a nivel particular que podería levar a entrar nese terreo para dicir que non é moi ourensán quen aluga unha autocaravana electoral na provincia de Pontevedra, isto é unha *chorrada* tan grande como algunha que se escoitou aquí. O certo é que cartos hai, di o voceiro do Bloque, cartos hai, é unha boa reflexión, cartos hai porque hai unha boa xestión económica pola capacidade deste goberno e sen dúbida porque os funcionarios desta institución interpretan á perfección as directrices políticas e por iso se poden facer cada vez máis cousas, e por iso se anuncian e se van aprobar máis cuestións. Tamén dicía o voceiro do Grupo Socialista que a situación é a que é, por suposto, a situación é a que é, 14, 8, 2, 1, e veremos o 26 de maio de 2018 cal é a situación. Aquí ninguén falou dun plan quinquenal, senón dun plan de mandato e dun programa electoral xa con vistas ao mandato 2019 – 2023. Houbo tempo suficiente para estudar as propostas de resolución, algún dixo que necesitaba tres días para estudar cada proposta, sobre todo en relación con unha, máis que interesante, profunda, e que ten que ver coa dinamización económica da provincia, que é a creación desa zona franca, esa propostas se presentou o día 10, estamos a 16, houbo seis días para estudar, cando menos, unha. Pero ben, se se necesitan tres días para estudar cada unha das frases que as compoñen, porque son frases, porque son declaracións, porque son propostas, pois evidentemente cada un ten que facer as reflexións oportunas. Eu aconsello, e tamén por suposto a tódolos voceiros, pero neste caso especialmente ao voceiro do Grupo Socialista, que o Observatorio Económico Ourensán é unha magnífica ferramenta para ese diagnóstico que di precisar para saber onde queremos chegar sabendo cal é a situación exacta, real, na provincia, na comarca e en cada un dos concellos. Por suposto, aquí hai unha cuestión, a relacionada coas deputacións, que xa se puxo de manifesto no debate do 14, que é a elección democrática dos deputados e deputadas e por suposto do presidente da Deputación, esa é unha reivindicación deste que lles fala, deste grupo de goberno e daquela desta propia institución, porque hai que estar en candidaturas electorais, eu estiven catro veces en municipais, en 2003, 2007, 2011 e 2015, e tres veces nunhas autonómicas, en 2001, 2005 e 2009, cun resultado que está aí, e tamén electoralmente nunha situación que tamén ten

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2016

bastante importancia, que é a nivel interno na miña organización, por tres veces, nos congresos que celebrou o meu partido, neste caso coa participación de milleiros de compromisarios, nos que un pode postularse, explicar a súas liñas de xestión e despois recibe ou non os apoios deses compromisarios, por certo, cada vez con máis apoio neses conclaves internos. O resultado do debate se mide fundamentalmente polo número de propostas de resolución aprobadas, e segundo aventuraron e negociaron os voceiros, en función da xuntanza que mantiveron no receso de trinta minutos, neste caso vai haber dezanove propostas de resolución aprobadas, que son máis que no anterior debate sobre o estado da provincia, que foran dezasete o 14 de novembro de 2014. Volvo a insistir en que esta é unha cuestión que ten moito que ver co goberno aberto, este debate que copiarán outros no futuro, seguro, e que eu non me canso de defender Ourense, iso é unha evidencia. Mañá mesmo, porque me chamaron, porque me convidaron, vaise celebrar en Badaxoz a segunda conferencia de presidentes de gobernos provinciais de España. ¿Onde foi a primeira? En Ourense, e foi a primeira ocasión, aquela, na que se xuntaron os presidentes dos gobernos provinciais para falar da realidade, social, da realidade económica, da realidade cultural. Badaxoz colle a testemuña de Ourense, organiza a segunda conferencia, estamos convocados 45, só haberá 5 presidentes de deputación que teñan protagonismo e que falen especificamente cun relatorio determinado, e un deles, xuntos dos de Palencia, Barcelona, Castellón e o propio Badaxoz, que é o que convoca en que non é precisamente do meu partido político, é o que lles fala, e serei o único do Partido Popular que interveña. Falaremos da realidade e a problemática e do futuro das institucións provinciais, e aproveitarei tamén para manter unha xuntanza co presidente da Xunta de Extremadura que vai participar na inauguración deste encontro, e aí se vai falar de todas esas cuestións que nos preocupan, que nos ocupan e polas que estamos a traballar os vinte e cinco que estamos aquí, pero dunha maneira especial os que temos responsabilidade de goberno. Eu agradezo a tódolos asistentes que se achegaran hoxe ata aquí, os representantes políticos, sociais, culturais e empresariais, e temos que lembrarnos de Otero – Pedrayo que dicía que hai unha terra prometida, e eu parafraseo, para os ourensáns, e esa terra prometida é Ourense, unha terra que quere dicir un espírito, e temos o deber e a obriga de honrala e de servila, e creo que o podemos facer todos, xuntos. Non perdo esa esperanza e fago votos porque sexa así. Moitísimas grazas e bos días.

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2016

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto primeiro da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto primeiro](#)

2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PROPOSTAS FORMULADAS POLOS GRUPOS.-

O Sr. presidente anuncia que tal e como establece o formato deste Pleno, procederase á votación individual das propostas de resolución presentadas, seguindo a orde de presentación no rexistro.

PROPOSTAS DO GRUPO POPULAR:

N.º 1.- Liña de actuación: sector vitivinícola:

Sometida a votación obtén o voto favorable do Grupo Popular (13), o voto en contra do Grupo Socialista (8) e a abstención de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), adoptándose o seguinte acordo:

- Poñer en marcha, en colaboración cos consellos reguladores das denominacións de orixe Ribeiro, Valdeorras, Monterrei e Ribeira Sacra, unha feira/exposición anual do viño da nosa provincia.

N.º 2.- Liña de actuación: cooperación cos concellos

Sometida a votación obtén o voto favorable do Grupo Popular (13), do Grupo Socialista (8) e do BNG (1) e a abstención de Democracia Ourensana (2), adoptándose o seguinte acordo:

- Prestarlles asistencia específica ás entidades locais da nosa provincia na elaboración das relacións de postos de traballo e no inventario de bens municipais.

N.º 3.- Liña de actuación: calidade dos servizos públicos locais

Sometida a votación obtén o voto favorable do Grupo Popular (13), e do BNG (1) e a abstención do Grupo Socialista (8) e de Democracia Ourensana (2), adoptándose o seguinte acordo:

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2016

- Avaliar mediante as enquisas correspondentes os servizos públicos prestados polos entes locais da provincia de Ourense, afondando na transparencia da xestión e na mellora permanente.

N.º 4.- Liña de actuación: economía, emprego e emprendemento

Sometida a votación obtén o voto favorable do Grupo Popular (13), e a abstención do Grupo Socialista (8) , de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), adoptándose o seguinte acordo:

- Colaborar activamente coa Cámara de Comercio e Industria de Ourense para potenciar o papel do Viveiro de Empresas co que conta na Tecnópole e as Antenas Locais de Verín e do Barco de Valdeorras.

N.º 5.- Liña de actuación: termalismo

Sometida a votación obtén o voto favorable do Grupo Popular (13), e a abstención do Grupo Socialista (8) , de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), adoptándose o seguinte acordo:

- Establecer, tendo en conta as recomendacións dos colexios profesionais da saúde, un sistema integral de información terapéutica das principais augas mineromedicinais da provincia.

N.º 6.- Liña de actuación: igualdade

Sometida a votación obtén o voto favorable do Grupo Popular (13), o voto en contra do Grupo Socialista (8) e do BNG (1) e a abstención de Democracia Ourensana (2), adoptándose o seguinte acordo:

- Elaborar, tendo en conta os postulados e a filosofía do Código Ético e de Conduta, un Plan de Igualdade propio da Deputación de Ourense.

N.º 7.- Liña de actuación: cultura e patrimonio

Sometida a votación obtén o voto favorable do Grupo Popular (13), do Grupo Socialista (8) e do BNG (1) e a abstención de Democracia Ourensana (2) , adoptándose o seguinte acordo:

- Constituír unha comisión provincial do patrimonio cultural que estude e se pronuncie respecto da súa rehabilitación, conservación e difusión, proponendo as medidas que estime oportunas ante as administracións públicas e entidades correspondentes.

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2016

N.º 8.- Liña de actuación: montes veciñais en man común

Sometida a votación obtén o voto favorable do Grupo Popular (13), e a abstención do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), adoptándose o seguinte acordo:

- Axudar e asesorar ás comunidades propietarias de montes veciñais en man común para a legalización da súa xestión no correspondente a estatutos, elección de xuntas reitoras e consulta das axudas públicas e posta en marcha de proxectos que xeren riqueza e emprego no rural.

N.º 9.- Liña de actuación: Días das Letras Galegas

Sometida a votación obtén o voto favorable do Grupo Popular (13), do Grupo Socialista (8) e do BNG (1) e a abstención de Democracia Ourensana (2), adoptándose o seguinte acordo:

- Desenvolver durante o ano 2017, tendo en conta que o día das letras galegas se dedicará a Carlos Casares, referente literario provincial, actos e manifestacións en lembranza da súa figura e da súa obra, de común acordo coa Fundación Carlos Casares, estudando a posibilidade de instaurar un premio cultural que leve o seu nome.

N.º 10.- Liña de actuación: solo empresarial e dinamización económica

Sometida a votación obtén o voto favorable do Grupo Popular (13), e abstención do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), adoptándose o seguinte acordo:

- Estudar, con outras administracións públicas, a posibilidade de promover a constitución da Zona Franca de Ourense, tendo en conta o solo industrial-comercial que se concentra na área onde se atopan o Polígono de San Cibrao das Viñas, a Tecnópole, o Polígono de Barreiros, a Cidade do Transporte e os parques empresariais de Pereiro de Aguiar, de Paderne de Allariz e de Taboadela (8.650.000 metros cadrados) gañando en capacidade autónoma e decisoria empresarial e en competitividade.

PROPOSTAS GRUPO SOCIALISTA:**N.º 1.- Convenios de cooperación cos concellos (Medio Ambiente)**

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2016

Sometida a votación obtén o voto favorable do Grupo Popular (13), do Grupo Socialista (8) e do BNG (1) e a abstención de Democracia Ourensana (2), adoptándose o seguinte acordo:

- Reformular o convenio marco coas entidades locais da provincia para a prestación de asistencia técnica para a limpeza, baleirado e xestión de lodos de fosas sépticas de titularidade pública local, reducindo o achegado polos concellos, para o aumento do número de municipios que subscriban o citado convenio.

N.º 2.- Cooperación cos concellos

Sometida a votación obtén o voto favorable do Grupo Socialista (8) o voto en contra do Grupo Popular (13) e a abstención de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), polo que resulta rexeitada.

N.º 3.- Medio ambiente e medio rural

Sometida a votación obtén o voto favorable do Grupo Popular (13) e do Grupo Socialista (8) e a abstención de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), adoptándose o seguinte acordo:

- Crear unha comisión que, en colaboración co sector forestal da provincia, elabore un Plan integral de desenvolvemento do sector forestal na provincia de Ourense, que sirva para poñer en valor os variados recursos e aproveitamentos dos montes ourensáns.

N.º 4.- Termalismo

Sometida a votación obtén o voto favorable do Grupo Popular (13), do Grupo Socialista (8) e do BNG (1) e a abstención de Democracia Ourensana (2), adoptándose o seguinte acordo:

- Creación da Rede Provincial de Concellos Termiais, que abrangue a todos os concellos con augas termiais, con independencia do tipo de aproveitamento que se lle dea a estas e que afonde no desenvolvemento do potencial termal da provincia máis aló da súa asociación coa área de benestar social. Co obxectivo de garantir a participación efectiva na toma de decisións dos concellos con potencialidades termiais e promover o equilibrio territorial, a Deputación reforzará a asistencia e cooperación coas entidades locais a través do traballo en rede na área do termalismo.

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2016

N.º 5.- Infraestruturas, vías e obras

Sometida a votación obtén o voto favorable do Grupo Popular (13) e do Grupo Socialista (8) e a abstención de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), adoptándose o seguinte acordo:

- Implementar un Plan de infraestruturas viarias provinciais, no que máis aló de contemplar o necesario mantemento se determinen as necesidades das vías provinciais, en colaboración cos concellos e atendendo ás necesidades e demandas destes.

N.º 6.- Benestar social

Sometida a votación obtén o voto favorable do Grupo Popular (13), e do Grupo Socialista (8), a abstención de Democracia Ourensana (2) e o voto en contra do BNG (1), adoptándose o seguinte acordo:

- Dada a estrutura poboacional da provincia de Ourense, cunha elevada porcentaxe de poboación avellentada e dependente, ampliar a dotación económica destinada aos concellos dentro do programa BenOurense, co obxectivo de que desde os concellos se poida ampliar o número de persoas atendidas así como traballar o eido preventivo da dependencia.

N.º 7.- Administración local

Sometida a votación obtén o voto favorable do Grupo Popular (13), e do Grupo Socialista (8), a abstención de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), adoptándose o seguinte acordo:

- Crear unha comisión, coa participación de expertos no eido da administración local, que elabore un documento coas propostas para a reforma da lexislación de réxime local, tanto autonómica como estatal. Propostas que aborden inescusablemente as competencias locais e un financiamento suficiente que teña en conta a dispersión poboacional dos concellos da provincia que encarece a prestación dos servizos sociais.

N.º 8.- Emprego

Sometida a votación obtén o voto favorable do Grupo Socialista (8) o voto en contra do Grupo Popular (13) e a abstención de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), polo que resulta rexeitada.

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2016

N.º 9.- Medio ambiente e medio rural

Sometida a votación obtén o voto favorable do Grupo Popular (13), do Grupo Socialista (8) e do BNG (1) e a abstención de Democracia Ourensana (2), adoptándose o seguinte acordo:

- Respecto da xestión do ciclo da auga, implementar e impulsar a creación de redes de municipios entre concellos limítrofes que garantan a boa xestión dos seus recursos hídricos compartidos e procuren a eficiencia económica, o aproveitamento eficaz dos equipamentos e a sustentabilidade medioambiental na explotación, abastecemento e aproveitamento de augas.

N.º 10.- Infraestrutura da liña ferroviaria de alta velocidade

Sometida a votación obtén o voto favorable do Grupo Popular (13) e do Grupo Socialista (8) e a abstención de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), adoptándose o seguinte acordo:

- Implicación activa da Deputación para que o AVE chegue a Ourense con todas as infraestruturas completadas, incluíndo a estación intermodal e a solución definitiva para o tramo Taboada-Ourense. A Deputación de Ourense adquire o compromiso de instar ao goberno do Estado á recuperación dos fondos non executados en exercicios pasados e presentes, así como a inclusión dos investimentos necesarios nos vindeiros orzamentos para 2017, co obxecto de acadar os obxectivos marcados e que a alta velocidade sexa unha realidade sen renuncias.

PROPOSTAS DEMOCRACIA OURENSANA**N.º 1.- Promoción desde a Deputación Provincial á implantación dun instituto de investigación en intelixencia artificial e o aumento xeral do investimento en proxectos I+D+I.**

Sometida a votación obtén o voto favorable de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o voto en contra do Grupo Popular (13) e a abstención do Grupo Socialista (8), polo que resulta rexeitada.

N.º 2.- Plan para a promoción, axuda e desenvolvemento das industrias agroalimentarias da provincia de Ourense.

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2016

Sometida a votación obtén o voto favorable de Democracia Ourensana (2), o voto en contra do Grupo Popular (13) e a abstención do Grupo Socialista (8) e do BNG (1), polo que resulta rexeitada.

N.º 3.- Plan para a defensa, protección e aproveitamento do monte ourensán

Sometida a votación obtén o voto favorable de Democracia Ourensana (2) e do Grupo Socialista (8), o voto en contra do Grupo Popular (13) e a abstención do BNG (1), polo que resulta rexeitada.

N.º 4.- Implicación real da Deputación no desenvolvemento industrial e tecnolóxico da nosa provincia, potenciando Ourense como emprazamento desexable para a implantación de grandes proxectos e apostas industriais tanto do sector público como do privado.

Sometida a votación obtén o voto favorable de Democracia Ourensana (2) e do Grupo Socialista (8), o voto en contra do Grupo Popular (13) e a abstención do BNG (1), polo que resulta rexeitada.

N.º 5.- Plan de lecer e turismo no verán para a provincia de Ourense: gran parque acutático-termal.

Sometida a votación obtén o voto favorable de Democracia Ourensana (2) e voto en contra do Grupo Popular (13), do Grupo Socialista (8) e do BNG (1), polo que resulta rexeitada.

N.º 6.- Revitalización da Estación de Montaña de Manzaneda e fomento das actividades de inverno.

Sometida a votación obtén o voto favorable de Democracia Ourensana (2) e do Grupo Socialista (8), o voto en contra do Grupo Popular (13) e a abstención do BNG (1), polo que resulta rexeitada.

N.º 7.- Plan de mellora das infraestruturas viarias da provincia de Ourense.

Sometida a votación obtén o voto favorable de Democracia Ourensana (2) e do Grupo Socialista (8), o voto en contra do Grupo Popular (13) e a abstención do BNG (1), polo que resulta rexeitada.

N.º 8.- Eliminación das listas sanitarias na provincia de Ourense.

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2016

Sometida a votación obtén o voto favorable de Democracia Ourensana (2) e do Grupo Socialista (8), o voto en contra do Grupo Popular (13) e a abstención do BNG (1), polo que resulta rexeitada.

N.º 9.- Plan para ampliar e fortalecer o coidado e atención dos nosos nenos e maiores, que inclúe a creación dos centros que sexan precisos para cubrir toda a demanda na provincia de centros xeriátricos e escolas infantís (<3 anos).

Sometida a votación obtén o voto favorable de Democracia Ourensana (2), o voto en contra do Grupo Popular (13) e do Grupo Socialista (8), e a abstención do BNG (1), polo que resulta rexeitada.

N.º 10.- Creación na praza de abastos n.º 2 de Ourense (A Ponte) dun espazo de promoción e exaltación dos produtos agro-alimentarios da nosa provincia e completando a oferta con algúns produtos do resto de Galicia.

Sometida a votación obtén o voto favorable de Democracia Ourensana (2), o voto en contra do Grupo Popular (13) e do BNG (1) e a abstención do Grupo Socialista (8), polo que resulta rexeitada.

PROPOSTAS DO BNG

N.º 1.- Emprego: Plan plurianual.

Sometida a votación obtén o voto favorable do BNG (1), o voto en contra do Grupo Popular (13) e a abstención do Grupo Socialista (8) e de Democracia Ourensana (2), polo que resulta rexeitada.

N.º 2.- Aposta polos sectores produtivos.

Sometida a votación obtén o voto favorable do BNG (1), o voto en contra do Grupo Popular (13) e a abstención do Grupo Socialista (8) e de Democracia Ourensana (2), polo que resulta rexeitada.

N.º 3.- Plan provincial de mobilidade

Sometida a votación obtén o voto favorable do BNG (1), do Grupo Popular (13) e do Grupo Socialista (8) e a abstención de Democracia Ourensana (2), adoptándose o seguinte acordo:

- Elaborar, en colaboración cos concellos, un plan de mobilidade, que permita o acceso aos dispositivos e infraestruturas que posúan os concellos en pé de

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2016

igualdade da veciñanza independentemente do lugar onde vivan, para contribuír a paliar o despoboamento nas zonas máis rurais da provincia.

- Demandar, con carácter inmediato, a posta en marcha do transporte metropolitano, tan necesario para vertebrar as comunicacións entre a cidade e os concellos da periferia.
- Colaborar coas entidades locais que contén ou queiran contar con proxectos municipais de mobilidade intramunicipal, para garantir o dereito á mobilidade dos seus veciños e veciñas, así como promover as colaboracións entre concellos para optimizar estes servizos. A colaboración será tanto de índole técnico e de asesoramento legal, como económica.

N.º 4.- Recursos humanos: modificación da RPT. Creación da Área Integral de Cooperación Municipal.

Sometida a votación obtén o voto favorable do BNG (1), e do Grupo Socialista (8), o voto en contra do Grupo Popular (13) e a abstención de Democracia Ourensana (2), polo que resulta rexeitada.

N.º 5.- Política fiscal

Sometida a votación obtén o voto favorable do BNG (1), o voto en contra do Grupo Popular (13) e a abstención do Grupo Socialista (8) e de Democracia Ourensana (2), polo que resulta rexeitada.

N.º 6.- Participación e transparencia

Sometida a votación obtén o voto favorable do BNG (1) e do Grupo Socialista (8), o voto en contra do Grupo Popular (13) e a abstención de Democracia Ourensana (2), polo que resulta rexeitada.

N.º 7.- Plan de infraestruturas e actividades culturais e deportivas.

Sometida a votación obtén o voto favorable do BNG (1), o voto en contra do Grupo Popular (13) e a abstención do Grupo Socialista (8) e de Democracia Ourensana (2), polo que resulta rexeitada.

N.º 8.- Recuperación da xestión pública e paralización dos procesos de privatización.

Sometida a votación obtén o voto favorable do BNG (1) e do Grupo Socialista (8), o voto en contra do Grupo Popular (13) e a abstención de Democracia Ourensana (2), polo que resulta rexeitada.

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2016

N.º 9.- Plan provincial de cooperación (Dotación: implementar 5 m€, aos xa existentes incrementar outro tanto pola vía do remanente previsto de Tesourería).

Sometida a votación obtén o voto favorable do BNG (1) e do Grupo Socialista (8), o voto en contra do Grupo Popular (13) e a abstención de Democracia Ourensana (2), polo que resulta rexeitada.

N.º 10.- Infraestruturas viarias

Sometida a votación obtén o voto favorable do BNG (1), o voto en contra do Grupo Popular (13) e a abstención do Grupo Socialista (8) e de Democracia Ourensana (2), polo que resulta rexeitada.

E, ás 13.45 horas do citado día dezaseis de novembro de ano dous mil dezaseis, o Sr. presidente deu por rematada a sesión extraordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,